

**UNHA CORRENTE
SALVAXE**, de Raúl Dans
XXXVII PREMI BORN DE TEATRE

Fotografía: Gaspar Somoza

RGT
revistagalegadeteatro

Nº 75

A corrente salvaxe que nos arrastra

A obra *Unha corrente salvaxe*, que foi galardoada co premio Born de teatro na edición de 2012, é una peza que pode producir pracer tanto na lectura coma na relectura. Desta última habemos falar un pouquiño máis adiante, agora permitan que nos centremos na lectura, da que é preciso dicir que é un verdadeiro gozo. E é así, entre outras razóns, porque a peza está concibida como un misterio que se desenvolve a medida que lle interesa ao autor irnos dando información para manter o suspense. Dese xeito, a través dos diálogos, Raúl Dans vai dosificando as pistas con mestría, talento e precisión para que se manteña a tensión dramática.

Hai que salientar que o autor está correndo así un risco, se cadra non formal porque a estrutura respecta as clásicas tres unidades, pero si de contido e no que se refire á expectación que fai xurdir a súa concepción, porque a persoa que lea a obra por primeira vez, ou o futuro espectador que a vexa na súa butaca no teatro, pode chegar a temer que as expectativas que se anuncian non se vexan satisfeitas. É un desafío que toma Dans con moi bo pulso nunha obra que pode parecer enganosamente sinxela na linguaxe que se usa ou os personaxes que a habitan, porque axiña vemos, por poñer un exemplo, que o idiolecto que fala a nena de catorce anos da peza é auténtico, real, está cheo de vida, é exactamente como esperaríamos que falase una nena desa idade, co que o autor demostra ter un bo oído para percibir a lingua que se fala na realidade, así como tamén demostra ter unha rica capacidade de fabulación, como se ve nos contos e xogos que refiren os protagonistas. Por outra banda, os personaxes, cuxa aparición tamén nos vai administrando sabiamente o autor, están vivos, mudan no transcurso da obra, non son o que parecen, algúns teñen tan pouca información coma o espectador e asistimos expectantes ao que vai pasar porque descoñecemos tantas cousas coma eles. Por outra parte, as identidades chegan a confundirse, cambian co devir dos acontecementos, arrastrados por una corrente impetuosa contra a que non se pode loitar por máis que se empeñen porque as cousas van pasar, quéirano ou non, indefectiblemente.

Ese fado, que goberna *Unha corrente salvaxe*, é un tema clásico que recorre desde sempre a mellor literatura, e que no caso de Dans, parece adoptar resignadamente una ollada determinista. Esta peza, desde o primeiro acto ata o último, está impregnada deste fatalismo. De feito, este destino escrito nas estrelas é o que define outro tema clásico que atopamos nesta obra: o tópico dos amantes malfadados, sobre o que xira todo o conflito da obra. Non se pode negar que este é outro tópico universal e tampouco fai falta recordarlle a ninguén importantes autores que trataron esta materia dramática, pero o caso é que Raúl Dans faino dun xeito anovador, cunha linguaxe de hoxe demostra que os vellos temas clásicos están sempre presentes na condición humana.

Gustárame poder profundar en certos aspectos da obra pero non lle quero estragar a ninguén a primeira lectura da obra con torpes comentarios ou adiantos. Pero si que ousarei dicir una cousa: eu si que a volví ler, é dicir, xa revelado o suspense, sabendo o que ocorría, coma se fose John Irving comezando a desenvolver una novela cara atrás a partir da derradeira frase, é o que ocorre é que a relectura da mesma tamén produce pracer literario, porque se ve como está deseñado o artefacto, vese que os diálogos están pensados coma un mecanismo de relaxería, que o sinxelo só o é en aparencia, e un decátase, en resumo, do gran dramaturgo que ten diante. Non é estraño que o xurado que lle outorgou unanimemente a esta obra o premio Born, dixera entre outras cousas, que era “unha obra ambiciosa que zumegaba literatura, onde había una clara defensa da literatura como arte e como creación da beleza da palabra”. Despois desas xustas palabras só podería haber unha homenaxe mellor a este traballo se se puidese ver pronto representada nos nosos escenarios.

Xerardo Couto

NOTA DO AUTOR

Unha corrente salvaxe é unha obra escrita orixinalmente en galego. O texto que acadou o XXXVII Premi Born de Teatre 2012 -que inclúe desde hai uns poucos anos a publicación da peza non só en catalán e castelán, senón tamén en galego e euskera- consistía, xa que logo, nunha tradución do orixinal galego, coas pequenas modificacións que, inevitablemente, xurdiron ao volver traballar sobre a peza. A versión actual de *Unha corrente salvaxe* recolle aquelas correccións e suma outras que, coa esperanza sempre incerta de mellorar o material, introducín durante a revisión do texto para a presente edición, no proceso de reescritura sen fin que é o teatro cara a unha imposible versión definitiva, que é a que agora, amigo lector, publica na súa lingua de orixe a Revista Galega de Teatro.

UNHA CORRENTE SALVAXE

“Somos prisioneiros do inexorable.
Por iso, a peor angustia do mundo estriba en ter conciencia de moitas cousas,
mais non poder controlar ningunha.”

A batalla de Platea, Heródoto.

“Non sei como ocorreu. Non puiden evitalo. Foi como o vendaval de tres días, que
chega de socato e leva todas as follas das árbores.”

O vendaval de tres días, E. Hemingway.

“PASTOR VELLO- Estou a piques de declarar a cuestión terrorífica.
EDIPO- E eu de oíla e, non obstante, hai que oíla.”

Edipo Rei, Sófocles.

PERSONAXES

Ana (34)
Clara (14)
Carlos (38)
Mario (39)
Ramón (59)
Dous mozos

UN

I

Luz sobre ANA.

ANA: Comeza nese momento. Devólvolle a Lidia o que lle quitei e entón comeza a miña nova vida... O poni co que sae nesa fotografía... Devólvolle a Lidia o seu poni e aí acaba todo. Xusto aí. E podo ser outra por fin. *(Pausa.)* Púxolle Violeta. Era violeta. Non sei daquela exactamente, pero despois, cando Clara era unha nena habíaos de todas as cores, con estrelas e flores pintadas. Outros tiñan brillo por todo o corpo ou un arco da vella nas patas de atrás. Clara nunca tivo un poni deses. Non era que non mo puidese permitir, aínda que sempre andaba xusta de cartos, era que non podía aturar a idea de ver a miña filla xogando cun poni coma o de Lidia. *(Pausa.)* Non vin ningunha das súas películas. Para serlle sincera nin sequera sabía quen era vostede cando o vin na televisión, pero gustoume o que dixo. Pareceu-me un home moi interesante. Ao día seguinte, no traballo, busqueino en internet. Non teño internet na casa. Non quero ter internet na casa, aínda que iso sexa unha fonte permanente de discusión coa miña filla. Tívena con 20 anos. A Clara. Crieina eu soa, sen ningún que me botase unha man. Pero saín adiante. Marchei da casa dos meus pais cando souben que estaba preñada. Deixei-lles unha nota dicíndolles que os quería, que ía estar ben, que non me buscasen. Non os volví ver desde que me fun, nin sequera sei se están vivos. Quizais no primeiro momento intentaron encontrarme, pero supoño que en canto souberon por que marchara nos borraron a min e á súa neta das súas vidas. *(Pausa.)* O pai de Clara, si. El buscounos. *(Pausa.)* Poida que agora todo isto non lle pareza importante, pero éo. Todo isto é importante. Son cousas que debe saber para entender por que vin falar con vostede. *(Pausa.)* Traballo nun hipermercado. Entrei de caixeira, pero agora as que quedamos facemos un pouco de todo. Despediron moitas compañeiras nos últimos meses. Eu tiven sorte, Carlos namorouse de min. Carlos é o encargado. Imos casar. Veu de encargado hai pouco máis dun ano. Empezamos a coñecernos e agora estamos prometidos. *(Inconscientemente, púxose a xirar coa man dereita o anel que leva no dedo anular da man esquerda.)* Nunca imaxinei que alguén me había regalar un día un anel de compromiso, pensaba que esas cousas só pasaban nas películas, a outras mulleres. Pediumo no seu despacho do hipermercado, co micrófono da megafonía aberto para que todos soubesen que me quería e que quería que fose a súa esposa. De película, de película mala. Seguro que vostede nunca faría unha escena así. Pero foi gracioso. Eu díxenlle que non. Sabía que o micrófono estaba aberto, que todo o híper estaba escoitando. Fixárame ao entrar no despacho. *(Sorri.)* Ás veces Carlos discorre coma un grilo. Pero é un home bo, quéreme. E lévase moi ben con Clara. Se eu tamén o quixese a el, entón xa sería perfecto. Pero eu non o pido todo. Para empezar de cero, quero dicir. Confórmome con ter alguén ao meu lado, alguén que me respecte e me dea algo de cariño. Tampouco non é moito pedir, non lle parece? Aínda que é

moito máis do que podería soñar, porque cando penso no que pasou, dígame a min mesma que en realidade non teño dereito a ser feliz, que non o merezo. Que nin sequera teño dereito a intentalo. Pero todos somos humanos, non? Todos no fondo pensamos que sempre temos dereito, a pesar de todo, a unha nova oportunidade. (*Pausa longa.*) Un acto de maldade. (*Pausa.*) Eu non o quería para nada, non me importaba aquel estúpido... (*Interrómtese. Pausa breve.*) Non sei por que o fixen. Para amolala. Ou talvez inconscientemente comprendín que debía quitarlle o poni e agachalo porque un día, íao necesitar. Podería empezar así. Unha mañá ela mírase no espello e di: “Vouno facer. Regresarei á vila e devolvereille a Lidia o seu poni.” Pasaron vinte e cinco anos, non volveu pisar aquel lugar desde que ela e a súa familia marcharon da vila e entón, unha mañá, mirando o seu rostro no espello do baño, dáse conta de que só así poderá romper para sempre co seu pasado e iniciar unha nova vida... Pero na súa película non habería personaxes, verdade? Sería un documental, e nos documentais non hai personaxes, hai persoas de carne e óso, e todo sería como sucedeu na realidade, exactamente como sucedeu na realidade. Pareceume moi interesante iso que dixó na televisión. Como dixó? Que o propósito da arte era buscar a verdade, que ese debe ser o obxectivo final do artista: a verdade. Que o máis probable é que fracasases, porque a verdade coñece mil trucos para permanecer oculta, pero que o teu deber como artista é ir na súa procura e sacala á luz. Tamén dixó algo sobre iluminar as zonas escuras da alma humana e que era iso precisamente o que lle atraía da historia de Lidia. Foi cando a entrevistadora lle preguntou polo seu próximo proxecto. Notóuselle que non quería falar diso, os artistas sempre son moi prudentes cando lles preguntan polos proxectos que teñen entre mans. Vostede non deu nomes, non entrou en detalles. Pero confirmou que era un documental sobre algo que pasara había moitos anos nunha vila preto de onde vostede nacera e dixó que de momento só estaba empezando a investigar os feitos, a estudar o material e a valorar as posibilidades reais de levalo a cabo. Que era un asunto complexo, dixó, moi complexo, o proxecto máis complexo da súa carreira e que quizais nunca chegase a materializarse. Non dixó máis nada. Non quixo dicir nada máis, pero eu axiña souben a que se refería, cal era aquela historia, que aquela historia era a miña historia, a historia da miña vida. (*Pausa.*) Heinas ver, prométollo. As súas películas. Agora sinto curiosidade. Seica vostede non fai películas normais. Xa sabe, non o tipo de películas que adoita ver xente coma min. Vostede é un artista de verdade, seica. Non sei se lle gusta que lle chamen artista, pode soar algo despectivo, pero eu non o digo con desprezo, ao contrario. Estou segura de que o podería facer moi ben. Pero é que simplemente iso que buscan os auténticos artistas coma vostede, a verdade, neste caso debe seguir oculta. (*Pausa longa.*) Tamén había unicornios. (*Respira fondo. Pausa.*) Foi un agasallo de Reis. Lidia dicía que lle tiña envexa e por iso facía como que Violeta non me gustaba. E eu retrucáballe que podería ter todos os ponis que me dese a gana se quixese, violetas ou de calquera outra cor, porque o meu pai estaba emigrado nos Estados Unidos e alí había millóns de ponis deses máis bonitos ca o dela, e que mos mercaría todos se llo pedise. Pero Lidia dicía que iso era mentira, que ninguén tiña tantos cartos e moito menos o meu pai, que se me notaba que lle tiña unha envexa que non me lambía. A verdade era que me sentía maior para ese tipo de xoguetes, aínda que tiña só nove anos. Lidia non

era moi espelida, en realidade era algo atrasada. Eu era a súa mellor amiga, a única que tiña. Un día na escola mandáronnos escribir unha redacción sobre a nosa mellor amiga e Lidia fíxoa sobre o seu poni: *Violeta, a miña mellor amiga*. Aquela rapaza podía ser mala coma ela soa. Viviamos no mesmo edificio, por iso botabamos tanto tempo xuntas. Ás veces estaba eu tan tranquila na casa, xogando, ou lendo un libro, ou vendo a televisión e Lidia baixaba a buscarme, e a miña nai dicíame: “Tes que xogar con ela, miña pobre”. Así que eu tiña que deixar o que estaba facendo e xogar con Lidia. E ela non tardaba nin un minuto en preguntarme onde estaba o meu irmán. Eu non lle interesaba, era o meu irmán, que era maior ca nós e moi guapo. Lidia andáballe sempre detrás, dicía que un día ían casar e que ían ter unha granxa con moitos ponis de verdade para que montasen os seus fillos neles. Pero eu sabía que iso non ía pasar nunca. (*Pausa longa.*) Ese mesmo día, á noite, o día que Carlos me pediu para casar, deixei que me puxese o anel de compromiso. Logo díxenlle que debía regresar á vila, que había algo que debía facer. Non lle contei nada do poni. El non sabe que esa é a razón pola que quero volver ao lugar onde nacín e pasei a miña infancia, para recuperar aquel poni e devolverllo a Lidia. Clara e Carlos non teñen nin idea de nada do que pasou, non saben nada de min, non me coñecen en realidade. O caso é que Carlos, sen avisarme, alugou nas aforas da vila unha casa de turismo rural para unha fin de semana. Dixo que podíamos ir os tres e de paso aproveitar para ir tamén á súa aldea, que está a un par de horas en coche, para que Clara e eu coñezamos a súa familia. Xa o ten todo programado. Eu quería volver soa, sen Clara, sen Carlos. Tiña pensado que eles podían quedar aquí, que non pasaría nada se me separaba de Clara unha fin de semana... Pero ao final, as cousas sempre saen como teñen que saír, non como un quere que saian. Eu non quería namorarme do pai de Clara, sabía que non debía namorarme del. Pero sucedeu. Coma todo o demais. Ningún de nós quería que pasase nada daquilo, pero era algo que tiña que pasar. E pasou.

Escuridade.

II

Salón amplo no piso de abaixo dunha casa rural. Ao fondo, a porta de entrada da casa –que está aberta– e unha fiestra. Ao pé da fiestra nace a escaleira que, subindo cara á esquerda, conduce ao piso de arriba. Nese lateral, o esquerdo, dúas portas: a da cociña e a do cuarto de baño; no lateral dereito, unha cristaleira cun banco corrido. Nese lado e cara ao centro da estancia, un espazo cun sofá, unha butaca e unha mesa baixa. Máis á esquerda, unha mesa de comedor e cadeiras. CLARA está no sofá, cun ordenador portátil. Entra CARLOS, procedente do exterior, con cana de pescar, cesto e caixa de anzois. Está vestido con roupa de pesca: gorra, chaleco e botas altas de goma. Vén falando polo teléfono móbil.

CARLOS: (*Ao teléfono.*) Arre carallo, machiño! É que non vos podo deixar sos nin un puto día. Como queres que non me cabree? (*Pousa a cana, o cesto e a caixa de anzois na mesa*

de comedor.) Atende, ti deixa que se ocupe ela do tema, está?, e se Felipe ten algún problema cos pagos que me chame. Vou ter o teléfono acendido. *(Colga.)* Que remedio! *(Garda o teléfono no peto do pantalón. A Clara.)* Que? Que tal estou?

CLARA: *(Mírao, sen moito interese.)* Así vestido parece que sabes pescar e todo.

CARLOS: Vas ver. Hoxe ceamos troita.

CLARA: *(Escéptica.)* Seguro!

CARLOS: *(Tira un coitelo de pesca do cesto, desenfúndao e observa o gume.)* E a túa nai? Onde está? Na cociña?

CLARA: Non sei. Arriba, creo, amañando os cuartos.

CARLOS: Por certo. Non che dei as grazas, verdade?

CLARA: Grazas por que?

CARLOS: *(Enfunda o coitelo e méteo de novo no cesto.)* Por aceptares coñecer a miña familia.

CLARA: Así non vou luns ao insti. Non está mal.

CARLOS: Si, xa. *(Carlos saca do peto do chaleco unha caixa pequena de cartón.)* Pero isto está moito mellor.

Achégalle a caixa a Clara.

CLARA: Que é?

CARLOS: Unha conexión a internet.

CLARA: Para min?

CARLOS: Ti fas algo por min e eu fago algo por ti. *(Mira cara ás escaleiras.)* Veña, cóllea antes de que me arrepinta. *(Clara colle o módem USB da man de Carlos.)* Xa está activada. Tes aí a clave de acceso. Se te conectas, anda con ollo, está?

CLARA: E a mamá?

CARLOS: *(Senta ante a mesa de comedor.)* Como a túa nai saiba algo disto, armámola.

CLARA: Pásanos pola picadora. *(Garda o módem no peto.)* Grazas.

CARLOS: Non me fai nin chisco de graza ter que mentirlle, que conste.

CLARA: Se non fose unha tirana, non teríamos que mentirlle. Pero se che presta durmir no sofá...

CARLOS: Non, grazas.

CLARA: É que o da mamá con internet é para flipar. Teño que andar ás agachadas conectándome no ciber ou no insti. Todas as miñas amigas teñen internet na casa. Están en Facebook, teñen Twiter, poden colgar fotos e baixar pelis e series... Non sei por que a min non me deixa se o necesito para estudar. Está mal da cabeza. Nin sequera podo ter teléfono móbil. Todas as miñas amigas teñen móbil desde pequenas, e agora xa tamén con internet, coma ti. Eu son o bicho raro.

CARLOS: *(Remexendo na caixa de anzois.)* Amodo, Clara. Sacácheslle ese portátil hai ben pouco.

CLARA: Porque a ti che saíu case de balde no híper, que se non...

CARLOS: Mira, ti só prométeme que non vas facer nada raro con iso.

CLARA: Que cres que vou facer? Mirar vídeos e falar coas amigas. Tranquilo, non me vou enredar con ningún descoñecido para que logo me viole e me corte en anaquiños.

CARLOS: Xa o sei. Pero tes que entender á túa nai.

CLARA: Si, enténdoa perfectamente. Sei de sobra por que non quere que teña internet.

CARLOS: Sábelo?

CLARA: Parva non son.

CARLOS: E por que cres que é en realidade?

CLARA: Xa o sabes ti tamén.

CARLOS: Si, imaxino que si. *(Pausa.)* E é iso o que pensas facer?

CLARA: Non o sei.

CARLOS: Non o sabes?

CLARA: Non, non o sei.

CARLOS: Xa o fixeches? Buscáchelo?

CLARA: Pode.

CARLOS: Fixéchelo ou non?

CLARA: Boh, non sei para que che dixen nada!

CARLOS: Mira, Clara, eu enténdote. Entendo perfectamente que sintas esa necesidade, pero penso que debías falalo coa túa nai antes de facer nada. Ela seguro que tamén o entende.

CLARA: Si, segurísimo.

CARLOS: Inténtao.

Aparece ANA no alto das escaleiras.

CLARA: Paso. E como ti lle digas algo...

CARLOS: Non lle vou dicir nada. Tes que ser ti. Eu axudareiche. Pero non o fagas ás súas costas. Fala con ela, dille como te sentes. Quizais xuntos poidamos convencela... *(Interrómtese, acaba de ver a Ana nas escaleiras.)* Ah!, estabas aí.

Carlos centra toda a súa atención nos anzois.

ANA: *(Baixando as escaleiras.)* De que me tedes que convencer esta vez?

CARLOS: Que? Nós? De nada.

ANA: Non falabades de min?

CARLOS: *(Disimula.)* De ti? Non.

ANA: Pareceumo.

CLARA: *(Á súa nai, ferinte.)* Porque pensas que es o centro do mundo. Pero non.

Clara ponse de pé e diríxese ás escaleiras.

ANA: *(Cortándolle o paso a Clara ao pé das escaleiras.)* A onde vas?

CLARA: Para o meu cuarto. Podo?

ANA: Hai algunha razón pola que non poidas estar nin un minuto no mesmo sitio ca min?

CLARA: No coche estivemos xuntas preto de seis horas.

ANA: Porque non te podías botar fóra.

CLARA: Eu non pedín vir. Ti obrigáchesme. Sempre teño que facer o que che peta.

ANA: E vai ser así durante algúns anos máis.

CLARA: Podo esperar.

Pausa.

CARLOS: (*Conciliador.*) Veña, xa está. Non pelexedes. Facedes que me sinta culpable.

ANA: Algún motivo terás.

Clara esquiva á súa nai e desaparece polas escaleiras arriba.

CARLOS: Está claro que non debín organizar esta viaxe sen consultarcho.

ANA: Vasmo dicir ou non?

CARLOS: O que? Ah, iso. Nada, era...

ANA: Que era?

CARLOS: (*Improvisa, mentres remexe nos anzois.*) A moto.

ANA: Que moto?

CARLOS: Que lle gustaría ter unha moto.

ANA: A Clara? É a primeira noticia que teño.

CARLOS: Tampouco é que morra por ela, só saíu o tema e...

ANA: Non me gustan as motos. Son perigosas. E non teño cartos para mercarl-la.

CARLOS: Dirás “temos”.

ANA: Xa disporei con liberdade do teu diñeiro cando esteamos casados.

CARLOS: Vale, perdoa. Só pretendía...

ANA: Gañar a confianza da miña filla, está claro. Pero poñéndote da súa parte en todo o único que consigues é afastala de min cada vez máis.

CARLOS: Ben sabes que esa non é a miña intención.

ANA: De feito, tela no papo. Lévese mellor contigo que coa súa propia nai.

CARLOS: É normal, eu...

ANA: Exacto. Non es o seu pai.

CARLOS: Non ía dicir iso. Pero levas razón. Nin son o seu pai nin teño ningunha autoridade sobre ela, así que non me ve como...

ANA: Como a un inimigo? Ou tampouco era iso o que ías dicir?

CARLOS: Oe, que che pasa? Por que tes que estar sempre á defensiva? Non o entendo.

(*Pausa.*) Clara ten 14 anos, é normal que se rebele contra a súa nai. Está madurando, é a súa forma de reafirmarse, de marcar o seu territorio. Xa sei que non son pai, nin dela nin de ningún, pero fun fillo, fun adolescente. O erro é pensar que se trata de algo persoal.

ANA: Ese é o erro?

CARLOS: Ti xa me entendes, Ana. Sería igual en calquera outra circunstancia.

ANA: Se fósemos unha familia normal, por exemplo?

CARLOS: Vaille pasar nuns poucos anos.

ANA: Isto é algo persoal, Carlos. Clara ódiame.

CARLOS: Non é certo, non ten motivos para odiarte.

ANA: Tenos. Máis dos que ela mesma imaxina.

Pausa.

CARLOS: Cando falas así non sei que pensar.

ANA: Pero gustaríache saír correndo, non?

CARLOS: Non. *(Pecha a caixa de anzois e ponse de pé.)* É só que teño a impresión de que non te coñezo de verdade.

ANA: E aínda así estás decidido a pasar o resto da túa vida comigo...

CARLOS: Teño a esperanza de sabelo todo sobre ti algún día.

ANA: Ás veces os sonhos cúmprense. E o resultado non é tan bo. Quizais deixases de quererme. Ou algo peor.

CARLOS: Por que non deixas que o intente? Por que non me deixas que te faga feliz? Dáme polo menos a oportunidade de intentalo. *(Abraza a Ana, bícaa. Ela devólvelle o bico con desgana. Agarimoso.)* E se vés comigo, eh? Podemos buscar un recanto por aí no río e... *(Pega o seu corpo ao de Ana.)* Xa sabes.

ANA: Hai cousas que facer aquí.

CARLOS: Estáseme quitando de todo a gana de ir pescar...

ANA: Xa teremos tempo para iso.

CARLOS: Apetéceme agora...

ANA: *(Apartándoo.)* Quita, anda.

CARLOS: Vale, como queiras. *(Pausa.)* O río está a un paso, así que vou andando. *(Colle a cana, o cesto e a caixa de anzois e diríxese cara á porta.)* Regreso dentro dun par de horas ou así. Cando volva, collo o coche e achégome á vila facer algo de compra. *(Detense antes de saír.)* Sobre Clara... Ti xa sabes o importante que é para min... Eu non sei nada de como educar un fillo e non quero que a vosa relación se estrague pola miña culpa, pero creo que a protexes de máis. Clara é unha boa rapaza, intelixente e responsable. E moi sensata. Fixeches un traballo excelente con ela, coa súa educación. Pero por máis que te emperres hai cousas contra as que non podes loitar, que van pasar por moito que ti non queiras.

ANA: Si? Que cousas?

CARLOS: Sabes perfectamente a que me refiro. E creo que deberías falar en serio con ela sobre o asunto. Antes de que sexa tarde.

Tras unha breve pausa, Carlos sae. Escuridade.

III

Cuarto de Clara na casa de turismo rural. CLARA está deitada na cama. Ten postos uns auriculares que están conectados ao ordenador. Soa Nirvana a todo volume. Pausa longa. Entra ANA. Ana fica ao pé da porta do cuarto. Di algo, pero a música impide que se escoiten as súas palabras. Ao cabo, Clara ve a Ana, pulsa unha tecla do ordenador e cesa a música. Clara quita os auriculares.

CLARA: *(Seca.)* Que?

ANA: Chamei á porta. Non escoitabas.

CLARA: Estaba con música. *(Pausa.)* Que?

ANA: Queres que falemos de algo?

CLARA: De que?

ANA: Hai algo que queiras consultarme?

CLARA: Non.

Pausa.

ANA: Non é unha boa idea.

CLARA: De que falas?

ANA: Iso que queres facer. Non creo que sexa unha boa idea.

CLARA: Que se supón que quero facer?

ANA: Se queres facelo, eu non cho podo impedir. Pero non che vou axudar niso, non me pidas que che axude niso.

CLARA: Axudarme en que? Non sei de que...

ANA: Do teu pai.

CLARA: Que pasa co meu pai?

ANA: Se queres buscalo.

CLARA: Quen che dixo a ti que queira buscalo?

ANA: Sabía que algún día ía pasar. Pero creme, non é boa idea.

CLARA: *(Desafiante.)* E logo? Pensas que el non me quere coñecer?

ANA: Eu nunca dixen iso.

CLARA: Fuches ti quen o deixou.

ANA: Separámonos. Non podíamos estar xuntos.

CLARA: Esa é a túa versión.

ANA: *(Pretendendo rematar a conversa.)* É mala idea. Logo non digas que non cho advertín.

Ana disponse a saír.

CLARA: Niso parecémonos ti e mais eu, ás veces tamén ti tes ideas realmente malas. E pouco che importan os sentimentos dos demais. Ti fas o que che peta, e non pensas nin un segundo no dano que lle podes facer á xente.

ANA: Por iso mesmo entendería que o buscases a pesar de todo.

CLARA: Pois eu non entendo por que vas casar ti con Carlos.

ANA: Halo entender algún día.

CLARA: Ti non o queres.

ANA: Necesítoo.

CLARA: Si. Xa entendo. Como emborracharte todas as noites.

ANA: Xa non bebo.

CLARA: É certo. Desde que te comprometiches con Carlos. Así que teño razón, estalo utilizando. Pero non o queres. E Carlos é un bo tipo, gústame, non merece isto.

ANA: Por que che gusta Carlos? Porque che cumpre todos os caprichos?

CLARA: Que caprichos? Non sei de que falas.

ANA: Ofreceucha el? *(Pausa.)* Foi idea túa ou de Carlos?

CLARA: Merda! Ese tío é parvo de todo!

ANA: Xa sabes o que penso diso.

CLARA: *(Baixa da cama e vai cara á fiestra.)* De que? De que Carlos sexa un paspán? Foi idea miña, vale? Pedinlla eu. E el, como é parviño e o teño dominado, regalouma.

ANA: *(Confundida.)* Regaloucha?

CLARA: *(Confundida tamén.)* Pero non dixeches que...?

ANA: Mentíume, non? Xa o supoñía. Ti nunca quixeches unha moto.

CLARA: Unha moto? Pois estaría ben.

Pausa.

ANA: Vou saír a dar un paseo.

CLARA: A papá queríalo de verdade.

ANA: Carlos vai no río.

CLARA: Aínda o queres.

ANA: Non hei tardar moito.

Ana sae. Clara asómase á porta do cuarto.

CLARA: *(Berrándolle á nai.)* Queríalo! Ao papá queríalo de verdade! Aínda o queres!

Clara déitase na cama e fica en silencio, pensativa. Pausa. Arranca o motor dun coche fóra. O coche afástase. Clara saca o módem USB do peto e conéctao no ordenador. Escuridade.

IV

Luz sobre Ana.

ANA: Creo que vou aceptar esa copa, vaime sentar ben. Só unha copa. A miña nova vida é unha vida sen bebida. Pero agora necesítoa. (*Pausa.*) Non parece vostede moi sorprendido polo que acabo de contarlle. Quizais imaxinaba algo así. Agora todo ten máis sentido, verdade? Quizais era iso precisamente o que esperaba descubrir, quizais imaxine tamén o resto da historia. (*Escóitase o ruído dunhas pedras de xeo caendo no fondo dun vaso, despois, máis xeo noutro vaso. A continuación, o licor enchendo as copas. Luz sobre a copa de Ana.*) Grazas. (*Ana colle a copa.*) E grazas por acompañarme. (*Ana bebe, reconfortada. Pausa.*) De nena, Clara preguntábame moito polo seu pai. Quería que lle falase del, saber como era. Que lle contase como nos coñeceramos e todo iso. Eu contáballe algunhas cousas, cousas bonitas. A verdade. Todo o que ela podía saber. E logo intentaba facerlle entender que aquilo acabara, que fora unha fermosa historia de amor, pero que acabara había moito tempo. Que un día o amor acaba e non hai que darlle máis voltas. Pero por algunha razón, Clara nunca me creu. É unha moza moi lista. Ela sospeita que fuxo del. Aínda que non creo que imaxine o motivo. E non o entende, non entende que fuxa del se aínda o quero. Clara pode chegar a ser moi dura comigo. Non a culpo. É difícil medrar sen un pai, cunha nai coma min. Pero ás veces dáme gana de soltarllo todo e acabar con esta tortura para sempre. (*Pausa.*) A miña pequena flor... (*Bebe.*) Clara inventou un conto cando era nena. Eu axudeille un pouco. Era sobre unha princesa e unha raíña...

Luz sobre CLARA, sentada no sofá do salón da casa rural, mirando para a pantalla do ordenador. Ten conectado o módem USB.

ANA: Era unha vez a Princesa, que era do tamaño dun chicharo na barriga da Raíña cando un temible dragón a levou do lado do Rei e a recluíu nunha cova fría e escura...

Clara sorrí.

ANA: Chegado o día, a Princesa naceu. E foron pasando os anos na gorida do dragón. A Princesa medrou lonxe do seu pai, o Rei, que buscou a Raíña sen chegar a encontrala, pero algo no fondo do seu corazón dicíalle á princesa que o Rei nunca as ía esquecer e as ía buscar sen descanso. Un día a Raíña contoulle á Princesa como lle chamaba o Rei. A miña pequena flor; chamábame así: a miña pequena flor...

Clara sorrí de novo. Logo, desconecta o módem USB.

ANA: Iso foi na véspera do seu quinto aniversario...

Clara conecta os auriculares ao ordenador e pulsa algunhas teclas.

ANA: Ao día seguinte, a Raíña regaloulle á Princesa o seu bico máis doce e o dragón, que non era tan temible en realidade, un enorme pastel de lambetadas que case non entraba pola boca da cova...

Clara déitase no sofá, cos auriculares postos e a ollada ausente.

ANA: Non quero un pastel, díxolle a Princesa ao dragón, que se sorprendeu moito ao escoitar aquilo, porque non entendía que alguén puidese desprezar un doce tan apetitoso. O que quero é unha flor, engadiu a Princesa, unha nonmesquezas. O dragón desexaba compracer a Princesa, pero as súas gadoupas eran grandes e torpes e non podía coller flores con elas, así que a Princesa suxeríulle que a debuxase no ceo co lume das súas fauces. Iso é o que quero, insistiu a Princesa, unha pequena flor, unha nonmesquezas, e ti poderás quedar co pastel de lambetadas. O dragón, que era moi orgulloso e devecía por meterlle o dente a aquel delicioso pastel de lambetadas, pensou que aquilo si que o podía facer porque, ademais de orgulloso e lambón, tamén era un debuxante moi bo. Así que voou moi alto, até case chegar ás estrelas, e co lume das súas fauces debuxou no ceo unha nonmesquezas, que segue sendo unha pequena flor aínda que ocupe todo o firmamento. Logo volveu á cova, satisfeito co seu traballo, e papou el só e dun bocado o xigantesco pastel de lambetadas...

A Clara comezan a pechárselle os ollos.

ANA: E pasou o que tiña que pasar. O Rei viu a nonmesquezas no ceo e soubo de inmediato que aquel era un sinal da Raíña, a súa pequena flor. O Rei cabalgou até atopar a cova na que estaban presas a Raíña e a Princesa, loitou co dragón, que tiña unha indigestión de campionato por culpa do pastel de lambetadas, derrotouno e os tres viviron felices para sempre...

Clara adormeceu. Pausa.

ANA: Daquela Clara era unha nena. Tiña cinco anos, como a princesa do conto. O problema é que Clara medrou e segue pensando que o final do seu conto pode acabar facéndose realidade. E iso non debe pasar nunca. Non está de acordo comigo? Nunca.

Escuro sobre Clara. Ana bebe.

ANA: Esa foto de Lidia que me amosou vostede... Fíxenlla eu. Lidia pedíume que a retratase co seu poni novo e eu fotografeina. É o día de Reis pola mañá. A min botáranme unha cámara de fotos aquel ano. Desde ese día Lidia sempre levaba a Violeta con ela. Até que eu

lla quitei. *(Pausa.)* Contei cincuenta travesas. Ao chegar á vía do tren, deixei o camiño do río e avancei entre os carrís, contando. Cincuenta travesas desde o lugar no que a vía do tren corta o camiño do río. Fixen un buraco entre as pedras e alí agochei a Violeta.

Escuridade.

V

Vía do tren. Entra ANA, camiñando entre os carrís con pasos medidos.

ANA: *(Para ela mesma, contando.)* Corenta e sete... Corenta e oito... Corenta e nove...

Ana dá un paso máis e detense. Tras unha pausa, acubillase e remexe nas pedras do balastro. Nada. Ana remexe máis á esquerda e logo, á dereita, cada vez máis ansiosa. Busca nas pedras da travesa anterior. Nada tampouco. Séntese o asubío do tren, longo e distante. De súpeto, un pensamento cruza a mente de Ana, o seu corpo ténsase e a súa mirada tínxese de preocupación.

ANA: Clara...!

Ana sae apresuradamente. Óese de novo o asubío do tren, máis próximo.

VI

Salón na casa rural. A porta do exterior está aberta. CLARA está deitada no sofá, co ordenador a un lado. Clara ten os ollos pechados e os auriculares postos. Nirvana a todo volume. Pausa longa. Entra ANA, chamando por Clara, pero a música impide que Clara escoite a súa voz. Ana non ve a Clara, que, oculta polo respaldo do sofá, quédalle fóra do alcance da vista. Ana sobe as escaleiras do piso apresuradamente. Clara abre os ollos, pulsa unha tecla do ordenador e a música cesa. Clara quita os auriculares, pero fica deitada no sofá, escoitando. Sente pasos no piso de arriba e a voz de Ana, chamando por ela: “Clara!”. Clara espreguízase. Pausa. Ana volve aparecer, baixando as escaleiras.

ANA: *(Dirixíndose ás portas da esquerda.)* Clara!

Ana abre unha porta, despois abre a outra.

ANA: *(Con crecente desesperación.)* Non, Clara... Non...

CLARA: *(Incorporándose no sofá.)* Estou aquí.

ANA: Clara!

CLARA: Que pasa?

ANA: Onde estabas?

CLARA: Estaba...

ANA: Por que non contestabas?

CLARA: Estaba con música. Apagueina agora. Que pasa?

ANA: *(Pecha a porta da casa.)* Ten a porta pechada, queres?

CLARA: Estás ben?

ANA: Si. *(Mira pola fiestra.)* Estou ben.

CLARA: Que miras?

ANA: Nada.

CLARA: Pasou algo?

ANA: Non.

CLARA: Pois parece que si.

ANA: Non pasou nada.

Ana desaparece por unha das portas da esquerda, a da cociña. Clara levántase e mira pola cristaleira; logo, achégase á fiestra do fondo. Reaparece Ana.

CLARA: Onde estiveches?

ANA: Fun dar unha volta. Xa cho dixen.

Ana cruza o salón cara á cristaleira da dereita e mira para fóra.

CLARA: Que pasa? Había alguén fóra?

ANA: Ti viches alguén?

CLARA: Fóra?

ANA: Si.

CLARA: Non. Por que? *(Con preocupación.)* Por que me chamabas así antes? Que pensabas? Pensabas que marchara ou que?

ANA: *(Senta no bordo do sofá.)* Non sei.

CLARA: Por que habería marchar? A onde ía ir eu soa? *(Achégase ao sofá.)* Pensaches que alguén me levara? Que...?

ANA: *(Balancéase suavemente no bordo do sofá, incapaz de disimular a súa inquietude.)* Non sei, non sei...

Clara senta a carón da súa nai e cóllege as mans con tenrura.

CLARA: Vale, tranquila, xa está... *(Pouco a pouco, Ana deixa de balancearse. Clara repara nas mans da súa nai.)* Que che pasou nas unllas? Telas estragadas. Andaches rabuñando nas paredes?

Ana retira de inmediato as súas mans das mans de Clara. Levántase.

CLARA: Dime que pasa, mamá. Estásme asustando.

ANA: *(Desacougada.)* Non quero durmir aquí.

CLARA: Que estás dicindo?

ANA: Quero irme. Non podo...

CLARA: Estáseche indo a pinza, mamá.

ANA: Non... Non podemos quedar. Quero irme de aquí.

CLARA: Para onde?

ANA: Para a casa.

CLARA: Agora? Para a casa? Se acabamos case de chegar. Non levamos aquí máis de...

ANA: Sube, Clara. Por favor. Sube e recolle as túas cousas.

CLARA: Queres que nos metamos agora outras seis horas de coche de volta para a casa?

ANA: Fai o que che digo. Faino. Por favor.

CLARA: Pero que che entrou de súpeto? Estás paranoica ou que? Mañá temos que ir á aldea de Carlos, non podemos marchar para a casa.

ANA: *(Senta a carón de Clara.)* Escoita...

CLARA: *(Apartando da nai.)* Non. *(Ponse de pé.)* Eu non vou para ningures. Vaite ti se queres. Eu quedo. Xa estou farta de que me traías e me leves cando che peta, sen darme ningunha explicación. Como me obrigues a facelo, prométoche que desta bótome do coche en marcha. Eu inténtoo. Inténtoo unha morea de veces, mamá. Quero achegarme a ti e ti rexéitásmeme. E por riba logo dis que son eu a que non pode pasar nin un minuto contigo. Pero es ti, mamá. Es ti a que non quere que me achegue. E creo que o fas adrede, sabías? Que non queres poñer demasiado cariño en min para que non te magoe despois se algún día te acabo odiando. Porque é iso o que vas conseguir, que te odie. *(Diríxese á porta do baño.)* Merda! Que merda, hostia!

ANA: *(Retena, agarrándoa por un brazo.)* Espera. Non o entendes.

CLARA: *(Soltándose.)* Non, non o entendo! Por que nos temos que ir? Dáme unha razón. Por que?

Ana cala. Despois dunha pausa, Clara entra no baño. Escuridade.

VII

Luz sobre ANA. Ana ten a copa nas mans.

ANA: Estabamos na cama. Gustábame adurmiñar nos seus brazos despois de facer o amor, podía botar horas así, a vida enteira. Pero aquel día eu viráralle as costas, e entón el arrimouse a min, aloumiñoume o ventre e bisboume: “A miña pequena, a miña pequena flor.” Boteime a chorar. Preguntoume que me pasaba, por que choraba. El non sabía nada,

non sabía o que a súa man estaba aloumiñando en realidade, que a súa filla estaba xa dentro de min. Non debía sabelo nunca. Ao día seguinte ía marchar do seu lado para sempre. Por iso choraba. Pero díxenlle que era polo que fixera aquela vez na vila. O do poni. Conteille que llo quitara a aquela nena e que o agachara na vía do tren. Cincuenta travessas desde o punto no que a vía corta o camiño do río. “Non penses niso”, díxome. “Non penses máis niso”. Logo prometeume que nunca me abandonaría, que sempre ía estar ao meu carón. E que se algún día, polo que fose, tiñamos que volver separarnos, íame buscar até atoparme.

Escuridade sobre Ana. Escóitase a sintonía de chamada dun teléfono móbil. Luz sobre o teléfono. Entra Ana no espazo iluminado cunha copa nas mans, cambaleando levemente, bébeda. Ana colle o teléfono, que continúa soando, e mira a pantalla un intre antes de colgar sen contestar. Ana pousa o móbil onde estaba, pero de inmediato volve soar. Pausa. Ao cabo, Ana contesta.

ANA: Diga?

VOZ HOME: Non colgues.

ANA: Quen é?

VOZ HOME: Só quero falar. Non colgues.

ANA: *(Identificando a voz do home que fala do outro lado da liña.)* De onde sacaches o meu número de teléfono?

VOZ HOME: Iso non importa.

ANA: Desde onde chamas?

VOZ HOME: Estás ben?

ANA: Vou colgar.

VOZ HOME: Quérote.

ANA: *(Axeónllase no chan, ao tempo que afoga un xemido.)* Vou colgar.

VOZ HOME: Quérote, oíches?

ANA: Desde onde chamas?

VOZ HOME: Ti quéresme. Seino. Sei que me queres.

ANA: Non...

VOZ HOME: Escoita.

ANA: Contesta. Vou colgar. Contesta.

VOZ HOME: Estou abaixo, na rúa, fronte ao portal da túa casa.

Ana arrástrase até a fiestra e mira para fóra, sen chegar a poñerse de pé para non deixarse ver. Despois queda alí sentada, ao pé da fiestra, contra a parede, arrepida.

VOZ HOME: Estás aí?

ANA: Como me encontraches?

VOZ HOME: Encontreite, iso é todo.

ANA: Non te quero ver.

VOZ HOME: Débesmo.

ANA: Fillo de puta...

VOZ HOME: Débesmo!

ANA: Fillo de puta!

VOZ HOME: Escoita, non colgues. Só quero falar. Marchaches sen darme ningunha explicación. Creo que merezo unha explicación despois de todo o que fixen por ti.

ANA: Eu non che pedín que fixeses nada.

VOZ HOME: Quero unha explicación, algo.

ANA: Non pode ser, esa é a explicación.

VOZ HOME: Dime que non me queres. Dimo!

ANA: Vou colgar.

VOZ HOME: Non, espera! Espera. *(Pausa.)* Tiveches unha filla.

ANA: Déixanos en paz.

VOZ HOME: É miña? *(Pausa.)* Eu son o pai, verdade? Marchaches por iso, porque estabas preñada.

ANA: Vou...

VOZ HOME: *(Interrómpea.)* Se colgas, subo. Non subín porque quero que saibas que vin coa intención de facer ben as cousas. Non me obrigues a estragalo todo. *(Pausa.)* Estás aí? *(Pausa.)* Contesta ou...

ANA: Que é o que queres?

VOZ HOME: Quero que falemos. Sobre nós. Sobre a miña filla.

ANA: Non.

VOZ HOME: Como se chama?

ANA: Por favor, déixanos en paz.

VOZ HOME: Dimo, dime como se chama.

ANA: Clara.

VOZ HOME: Quero vela.

ANA: Non.

VOZ HOME: Falamos primeiro nós se queres.

ANA: Non.

VOZ HOME: Por favor, imos facer ben as cousas. *(Pausa.)* Por favor.

Pausa longa.

ANA: De acordo.

VOZ HOME: Subo?

ANA: Si.

VOZ HOME: Vale.

ANA: Espera.

VOZ HOME: Que pasa?

Ana ponse de pé e mira pola fiestra.

ANA: Vouna deitar.

VOZ HOME: Está esperta?

ANA: Espera quince minutos.

VOZ HOME: De acordo. Pero non me enganes.

ANA: Quince minutos.

VOZ HOME: Non me enganes. Como me enganes...

Ana colga o teléfono. Logo, escáchao contra o chan. Escuro breve e luz de novo sobre Ana.

ANA: Empezara a beber había uns meses. Só bebía na casa, polas noites, cando Clara xa estaba deitada. Axudábame a durmir. *(Bebe.)* O edificio no que viviamos daquela tiña dous portais, o principal e outro que daba á rúa de atrás. Fixen unha bolsa con catro cousas e saquei a Clara da cama. Tiña tres anos. Púxenlle algo de abrigo e marchamos. Ao principio non era moi prudente, nin sequera me afastara moito da casa dos meus pais cando me fun de alí. Pasei o embarazo nunha especie de comuna que había a uns quilómetros da cidade á que nos mudamos ao abandonar a vila. No hospital onde tiven a Clara traballaba unha enfermeira que coñecía os meus pais. Supoño que lles contou na casa que eu tivera unha filla. E entón sóuboo el. Tres anos despois estaba diante do portal da casa na que vivía con Clara. Pero conseguín fuxir. Levo once anos fuxindo desde aquela noite.

Luz sobre o dormitorio de Ana e Carlos na casa rural. Ana está de pé diante da fiestra do cuarto, mirando cara ao exterior. Bebe. Entra CARLOS. Vén sen as botas, sen o chaleco, e trae a roupa que levaba debaixo do traxe de pesca toda mollada.

CARLOS: Que fas aí?

ANA: Esperarte.

CARLOS: *(Empeza a espirse.)* Vai calor fóra, eh?

ANA: No soportal estábase ben.

CARLOS: Viches como me puxen?

ANA: *(Mira para el, ve que está enchoupado.)* Que che pasou?

CARLOS: Que case afogo no río. Perdín a cana e o móbil novo. Xa che conterei. Que bebes?

ANA: Auga. Non hai outra cousa.

CARLOS: Achégome agora á tenda. Non pesquei nada.

ANA: Sorprendido?

CARLOS: Non. De mozo xa nunca pescaba nada. Nin no río nin en ningures. Quería resarcirme.

ANA: Aínda che queda o premio de consolación.

CARLOS: E Clara?

ANA: No seu cuarto, escoitando música.

CARLOS: Voume dar unha ducha. O meu premio vai seguir aquí cando acabe?

ANA: Vai seguir aquí.

Carlos sae. Óese a auga da ducha.

ANA: Iso é o que desexo no fondo, o que sempre desexei: non poder fuxir un día. Porque nunca quixen fuxir. Sóubeno desde a primeira vez que fixemos o amor de verdade, sóubeno desde entón: que esas eran as mans, os beizos, o olor... Que o de antes quizais fora un xogo inocente. Pero aquela primeira vez tiven a certeza de que el era o home da miña vida, que nunca ía ser con ninguén coma con el. Que o amaba como nunca poderei amar a Carlos nin a ningún outro home. Eu nunca crera niso, nese tipo de amor, non quería crer. Quería que me defraudase, sentir noxo... Pero non foi así. É certo que lle debía moito, pero aquela primeira vez non me deitei con el por gratitude. Deiteime con el porque o desexaba de verdade. *(Pausa.)* Ás veces é tan real... Déitome e agardo, até que el entra no dormitorio. Eu non digo nada, non respiro. Espero a que se meta na cama comigo e facemos o amor. Ou son eu quen se ispe na escuridade, mentres el agarda en silencio, sen facer nin o máis pequeno ruído... Ás veces é moi real. Como esa sensación de que vai pasar, de que ten que pasar, de que un día vai aparecer e eu non poderei fuxir. Pero poida que sexa unicamente o meu desexo, o desexo de que iso suceda, o desexo que sinto del. Pero non é real. Está só na miña cabeza. Non é real.

Deixa de correr a auga da ducha.

CARLOS: *(Off, desde o baño.)* Ao final saíches co coche, non?

ANA: Si.

CARLOS: *(Off.)* A onde fuches?

ANA: A un sitio. Foron cinco minutos. Despois estiven aquí sempre. Abaixo, no soportal.

CARLOS: *(Sae do baño, cunha toalla envolta na cintura e secando o pelo con outra toalla.)* Ese sitio era a razón pola que querías volver aquí?

ANA: Si.

CARLOS: Un sitio especial?

Pausa.

ANA: Vas quedar aí parado?

CARLOS: Estou mirando para ti.

ANA: Podes gozar do teu premio de consolación como queiras.

CARLOS: Non imaxinei que quixeses volver á vila só para ir a un sitio, por moi especial que sexa para ti. Imaxinara outra cousa. Xa sabes. Que querías ver alguén, alguén que preferías que eu non coñecese. Un mozo que tiveras ou algo así.

ANA: Marchei de aquí con nove anos, era moi pequena para ter mozo.

CARLOS: Algúns nenos son moi precoces.

ANA: *(Despois dunha breve pausa.)* Unha amiga. Quería ver unha amiga.

CARLOS: E víchela?

ANA: Aínda non.

CARLOS: Vas ir mañá?

ANA: Pode ser. Si, se cadra vou mañá.

CARLOS: Se cadra?

ANA: Quería darlle unha cousa. Algo que lle quitei cando eramos nenas. Un poni de xogue-te. Quiteillo e agocheino nun sitio. Quería devolverllo.

CARLOS: Onde o agocharas?

ANA: Nese sitio especial. Na vía do tren, no medio das travesas. Fixen un buraco nas pedras e agocheino. Funo buscar, pero non estaba alí.

CARLOS: Normal. Pasou moito tempo.

ANA: Vinte e cinco anos.

CARLOS: É moito tempo.

ANA: Pensei que seguiría alí.

CARLOS: Puido atopalo calquera.

ANA: Si, supoño que si. Calquera.

CARLOS: Poida que fixesen reparacións nese treito da vía. O normal era que xa non estivese alí.

Pausa. Por fin Carlos se achega a Ana. Abrázaa por detrás, bícaa no pescozo...

ANA: Non. *(Carlos detense.)* Déitate.

Pausa. Carlos obedece e déitase na cama, boca arriba.

ANA: Quita a toalla.

Carlos obedece de novo e quita a toalla da cintura. Ana pousa o vaso na mesa de noite e íspese, baixo a mirada atenta de Carlos. Cando Ana está núa, pecha as contras da fiestra. Luz só sobre Ana.

ANA: As súas mans, os seus beizos, o seu olor... Ás veces é tan real...

Pausa. Ana abre as contras da fiestra. Luz sobre o dormitorio. A cama está desfeita. Carlos xa non está no cuarto.

VIII

No exterior, ante o soportal da casa rural. Anoitece. CARLOS está facendo brasa nunha grella, pensativo. Esmaga un mosquito na caluga. Logo, limpa a man no pantalón. Pausa. Séntese un ruído leve ás costas de Carlos, entre as sombras. Carlos vólvese e aluma coa lanterna.

CARLOS: Hai alguén aí?

Silencio. Carlos varre as sombras coa luz da lanterna. Pausa. Entra ANA cun prato con carne e unha cervexa.

ANA: A carne.

CARLOS: Perfecto. A brasa xa está. *(Pola cervexa.)* Grazas.

Carlos bebe, empeza a poñer carne na grella. Silencio.

ANA: Case non lembraba esta sensación.

CARLOS: Que sensación?

ANA: O silencio, que todo estea tan quieto... A falta de aire... Vai caer unha boa. Xa o dixeron os do tempo, non? Aquí é sempre así. Primeiro unha calor abafante e despois unha treboada.

Pausa.

CARLOS: Que imos facer mañá?

ANA: Que?

CARLOS: Mañá. Que imos facer? *(Breve pausa.)* Queres un grolo?

ANA: Agora non.

Carlos bebe.

CARLOS: Se queres, erguémonos cedo e marchamos.

ANA: Para a túa aldea?

CARLOS: Podemos visitar a miña familia máis adiante.

ANA: Máis adiante?

CARLOS: Outra fin de semana.

ANA: Estás falando de marcharmos para a casa?

CARLOS: Como ti digas.

ANA: Non querías que che amosase a vila?

CARLOS: Dáme a impresión de que a ti non che apetece moito e eu non quero que te sintas na obriga de facelo se iso te amola. Como ti prefiras. Se xa non tes interese en ver esa amiga túa...

ANA: A que vén iso agora?

CARLOS: A nada.

ANA: Quero quedar.

CARLOS: Primeiro necesitas vir si ou si, de súpeto queres marchar, agora dis que quedemos...

ANA: É polo que lle dixen antes a Clara?

CARLOS: Podemos saír mañá a primeira hora. Iso como ti prefiras.

ANA: Esquéceo, queres? Foi unha parvada.

CARLOS: *(Despois dunha breve pausa, por Clara.)* Asustáchela. Estaba preocupada. *(Pausa.)* Contoume que antes sempre andabades mudándovos de casa, que non botabades nin un ano na mesma cidade.

ANA: Xa me coñeces, aburríame dos sitios.

CARLOS: Que te coñezo? Estás de broma? *(Bebe.)* Por que o faciades? Por que tiñades que mudarvos constantemente?

ANA: Acabo de dicircho.

CARLOS: Fuxiades de algo?

ANA: Só me poñía en camiño de novo.

CARLOS: Non entendo.

ANA: Cara ao meu destino.

CARLOS: Xa.

ANA: Ás veces é o que penso. Que todos os pasos que dei na vida, aínda que aparentemente non teñen ningunha relación entre eles, me levan a un lugar que non elixín e ao que vou chegar tanto se quero coma se non.

CARLOS: E aínda non chegaches a ese lugar.

ANA: Ti si?

CARLOS: Creo que si, xa o sabes. Sodes ti e Clara. Isto. E pensaba que ti tamén chegaras a ese lugar que dis. Que era isto, o que temos agora. Eu. Pero non estás segura.

ANA: Non, non estou segura. Pensei que si, que estaba preto de verdade, desexaba que así fose. Pero quizais estaba trabucada.

CARLOS: Cando chegaches a esa conclusión se pode saberse?

ANA: Xa che dixen que non estou segura.

CARLOS: Supoño que ás veces cando estás comigo, vas camiño dese lugar do que falas.

ANA: A que te refires?

CARLOS: Ao sexo. Ás veces semella que estás noutro sitio. Antes, por exemplo.

ANA: Gustoume. Xa cho dixen.

CARLOS: Pero non che gustou abondo.

ANA: Preferías que finxise que me corría?

CARLOS: Pois se cadra si.

ANA: Tereino presente para outras ocasións.

Pausa.

CARLOS: Non che acabei de contar o que me pasou no río.

ANA: Caíches na auga. Perdiches a cana e o móbil novo.

CARLOS: As botas enchéronseme de auga, no podía saír.

ANA: Onde foi?

CARLOS: Polo río arriba. Metinme na auga para botar o anzol nun acocho que facían unhas raíces. Pero enganchei nunhas pólas. Non podía soltar o anzol, así que saquei o coitelo para cortar a tanza e entón soou o teléfono. Era Andrés, por ese asunto dos pagos. O caso é que esvarei e caín con todo o equipo. As botas enchéronseme de auga. Co peso no podía poñerme de pé, pensei que non a contaba, en serio. *(Sacode a man diante da cara.)* Merda de mosquitos!

Pausa.

ANA: E como fixeches?

CARLOS: Sacoume un que pasaba por alí.

ANA: Tiveron que sacarte do río?

CARLOS: Un tipo que pasaba por alí botouse á auga e axudoume a saír.

ANA: Alguén da vila?

CARLOS: Dunha aldea de preto de aquí, seica. Pasaba pola beira do río cando esvarei e caín. Foi un milagre. Se non é por el, afogo seguro. *(Pausa. Pola carne.)* A isto non lle falta nada, vai poñendo a mesa se queres.

Pausa. Finalmente, Ana dispónse a entrar na casa.

CARLOS: Se cadra é mellor que o penses ben de novo.

ANA: De que falas?

CARLOS: Que non temos que facelo se non estás segura.

ANA: Facer o que?

CARLOS: Casarmos.

Pausa. Ana sae. Escuridade.

IX

Luz sobre un poni de cor violeta na mesa de comedor do salón da casa rural. Entra ANA, procedente do exterior.

ANA: *(Chamando desde o pé das escaleiras.)* Clara! A cea xa está!

Ana diríxese á cociña e entón ve o poni encima da mesa de comedor. Detense, arrepiada. Reacciona axiña e achégase á mesa. Pausa. Observa o poni con aprehensión e, finalmente, cólleo nas mans. Baixa CLARA polas escaleiras.

CLARA: Non estaba a cea?

ANA: Si, ía poñer...

CLARA: *(Ve que a súa nai ten algo nas mans.)* Que é iso?

ANA: Nada.

CLARA: É un deses ponis de xoguete... De onde o sacaches?

ANA: Estaba...

CLARA: A ver. *(Quítalle o poni das mans a Ana.)* Sempre quixen ter un destes e ti nunca mo compraches. Non sei por que, non creo que fosen tan caros. De onde o sacaches? Atopáchelo aquí?

ANA: Non. Fóra, cando saín a pasear.

CLARA: *(Devólvelle o poni á súa nai.)* Teño fame.

ANA: Agora poño a mesa.

CLARA: Voulle axudar a Carlos.

Clara sae para fóra. Luz sobre Ana.

ANA: Aquel día, o día que lle quitei o poni a Lidia... Lembro que ía moita calor. O verán estíbese facendo especialmente longo e eu xa case tiña gana de que empezase o curso dunha vez. Pero aínda faltaban unhas semanas para iso. Eu estaba no patio, mirando un carreiro de formigas que había no muro, cando oín a voz de Lidia que me chamaba desde a fiestra da súa casa. Quería baixar ao río. Eu díxenlle que non, estaba enfadada, quería estar soa. Acababa de ter unha liorta co meu irmán. Levabámonos ben, pero ás veces tamén rifabamos. Había unha formiga que parecía desorientada. Ía dando voltas arredor das outras, tropezaba con elas... Empurreina para que entrase na formación, pero era imposible. Nun momento, volvía botarse fóra do carreiro. Entón apareceron a miña nai e Lidia. Lidia viña coa toalla e tamén traía a Violeta con ela. Miña nai díxome que non fose mala e que acompañase a Lidia ao río, que se eu non a acompañaba, non a deixaban ir, que ía unha tarde moi boa e non me quería ver na casa. Así que tiven que obedecer. Coma sempre. Baixamos polo camiño que cruza a vía do tren. Ela atravesou a vía sen mirar e lembro que pensei que era unha mágoa que non pasase o tren nese momento e a levase por diante. Supoño que eu non desexaba que lle sucedese nada malo a Lidia en realidade, pero iso foi o que pensei nese momento. Sabía que ela quería ir ao río porque o meu irmán estaba alí, pescando ou bañándose con algún amigo. Estaba farta de que me utilizase. *(Bebe. Pausa.)* Matinei moito durante todos estes anos no que pasou aquela tarde. Cada día, buscando unha explicación. E non a dei atopado. Xa sabe o que din ás veces as persoas cando fan algo que nunca ima-

xinaron, algo completamente alleo a elas, algo que a elas mesmas as arrepía: que non eran elas. Pois eu creo que é aí, neses momentos, cando es ti máis ca nunca. Foi un deses momentos. Ves o que vai suceder, o que parece inevitable que suceda, e sabes que tes que resistirte. Sabes que iso é o que debes facer. Pero de súpeto decides deixar de loitar. É simplemente que xa non podes máis. E só pensas na paz que vas sentir cando finalmente cedas a ese impulso e todo chegue á súa fin. Entón falo, deixas que suceda, sen pensar en todo o que virá despois, sen pensar que desde ese momento nada vai volver ser como era.

Séntese un trono ao lonxe. Comeza a chover. Escuridade.

DOUS

I

Salón da casa rural. Sobremesa. Fóra chove con forza. CLARA está sentada ante a mesa de comedor mentres ANA acaba de recoller a cea.

CLARA: Que vos pasa a ti e a Carlos? Rifastes?

ANA: Non.

CLARA: Pois había un mal rolo na cea...

ANA: Será a treboada, que nos afecta aos nervios.

CLARA: *(Incrédula.)* Por iso antes te puxeches como unha tola, pola treboada.

ANA: Carlos non tiña que sabelo.

CLARA: Estaba preocupada, vale? *(Pausa.)* Sabes o que creo? Creo que aquí está pasando algo.

ANA: E que cres que está pasando?

CLARA: Só é unha impresión.

ANA: Unha impresión. Xa. Non semella unicamente unha impresión. Dixéchelo moi convencida.

CLARA: É que non ves como estás desde que chegamos?

ANA: É só por iso, por como estou eu?

CLARA: Por que ía ser entón?

ANA: Non sei. Quizais saibas algo que eu non sei e por iso estás tan convencida de que aquí están pasando cousas raras. Pero non me fagas caso, só é unha impresión.

Ana dirixese á cociña e tropeza na porta con CARLOS, que vén de alí cunha botella de whisky e dous vasos con xeo. Ana apártase excesivamente para deixar pasar a Carlos e métese na cociña. Un relampo; segundos despois, o trono.

CARLOS: *(A Clara, polo relampo.)* Este caeu preto, temos a treboada case enriba. *(Pousa a botella e os vasos na mesa de comedor.)* Mira o que atopei na cociña. *(Saca un mazo de cartas do peto e déixao na mesa.)* Naipes. *(Comeza a servir as copas.)* Que? Un tute?

CLARA: Non sei xogar.

CARLOS: Aprendes nun minuto. É fácil.

CLARA: Paso.

CARLOS: Tamén hai un parchís.

CLARA: O parchís debe de ser o xogo máis aburrido que existe.

CARLOS: Estou de acordo.

Volve Ana da cociña.

CARLOS: *(A Ana.)* Como non lle aprendiches a Clara a xogar ás cartas?

CLARA: Para que? Nunca tivemos con quen xogar.

CARLOS: *(A Ana, achegándolle unha copa.)* Toma.

ANA: *(Indo cara á cristaleira.)* Non, grazas.

CARLOS: Como que non?

ANA: Xa bebín viño coa cea.

CARLOS: Que dis? Nin bebiches nin comiches nada.

ANA: Non tiña apetito.

CLARA: A mamá aliméntase de aspirinas e café, non o sabías?

CARLOS: Pois hai que comer. *(Pola copa, a Ana.)* Veña, muller, é todo xeo. Coa calor que vai nin o vas notar. Coma no Caribe.

CLARA: *(Á nai, conciliadora.)* Podes beber algo se queres.

ANA: Se quixese beber, faríao.

Ana diríxese agora cara á fiestra do fondo. Carlos pousa a copa de Ana na mesa e senta con Clara. Bota un grolo. Un lóstrego. Inmediatamente, o trono.

CARLOS: Eu votaba por abrir esa fiestra.

CLARA: Para que nos entre un lóstrego na casa? Boa idea!

CARLOS: Non sería a primeira vez.

Ana abre a fiestra en contra dos desexos de Clara, que colle a baralla e se pon a mesturar as cartas de mal humor.

CLARA: Debemos de largarnos desta merda de sitio, aquí non pintamos nada.

CARLOS: A túa nai quixo quedar. *(A Ana.)* Ao final dixeches de quedar, non?

ANA: Dixen.

CARLOS: Manda a túa nai. Ti e eu, a obedecer.

Carlos bebe.

CLARA: *(Mentres mestura as cartas)* Paula sábeos todos.

CARLOS: Paula?

CLARA: Unha amiga.

CARLOS: Xogos de cartas?

CLARA: Dime algún.

CARLOS: Tute, brisca, escoba...

CLARA: Eses. Xogan na casa cando se xunta a familia. Apostando. No meu aniversario viñeron ela e unhas amigas durmir á casa e Paula trouxo unha baralla. Quería botar unhas partidas. Vaia plan. Con cartos. Paula morre por gañar cartos como sexa.

CARLOS: Como sexa? Que perigo!

CLARA: E despois é coma un puño de amarrada. Valíalle con cinco céntimos por aposta. Cinco céntimos máis cinco céntimos fan un euro. É o que di ela.

CARLOS: Razón non lle falta.

CLARA: Non, o que lle falta son noventa céntimos para o euro. E tamén un fervor. Esa tipa é máis parva e non nace, non ten nin media neurona.

CARLOS: É guapa?

CLARA: Pode pasar. E ten unhas tetas de vaca leiteira.

CARLOS: Entón se cadra acaba cazando algún ricacho e cumprindo o seu soño de nadar en cartos. As persoas non sempre se moven por amor.

CLARA: Cres que non o sei?

Carlos bebe. Un lóstrego. A continuación, o trono.

CLARA: *(A Ana.)* Impórtache pechar a fiestra?

CARLOS: *(A Clara, polos raios.)* Advírtoche que mesmo teñen atravesado fiestras.

CLARA: *(Deixa a baralla na mesa e ponse de pé.)* Creo que vou subir ver algo no ordenador...

CARLOS: *(Retena.)* Que dis? Se a noite acaba de empezar!

ANA: Déixaa ir se quere.

CARLOS: *(Sóltaa.)* Eu deixo, pero non quere. *(A Clara.)* Verdade que non queres? Aposto cinco céntimos a que prefires estar acompañada até que pase a treboada. Gaño, va que si? *(A Ana, por Clara.)* Ten máis medo ca vergonza.

CLARA: Non teño medo, teño educación.

CARLOS: E orgullo. Iso está ben. Senta, anda.

Cae outro relampo, máis próximo. Clara senta.

ANA: *(A Carlos.)* Viches se había candeas por algures?

CARLOS: Hai na cociña. No caixón da mesa. *(Despois de beber un grollo.)* Sabiades que os lóstregos son coma as avespas?

CLARA: Coma as avespas? Que dis?

CARLOS: Parécense nunha cousa.

CLARA: É un chiste ou algo así?

CARLOS: Non, é verdade.

CLARA: En que se parecen?

CARLOS: As avespas non lle pican a todo o mundo. Iso sabíadelo, non? Atácanlles a unhas persoas e a outras non. Pois os lóstregos igual, tamén teñen as súas preferencias.

CLARA: Falas en serio?

CARLOS: Completamente.

CLARA: Ti pensas que eu son parva.

CARLOS: Non, prométocho. De verdade. Hai persoas que poden andar debaixo dunha tre-

boada sen medo a que lles caia un lóstrego enriba, pero hai outras persoas que os atraen, que xa se poden agochar onde queiran que o raio vainas atopar e vainas fender de todas as maneiras. A túa nai non corre perigo ningún nin ao pé da fiestra nin fóra, debaixo da treboada, se non é desas persoas.

CLARA: De onde sacaches iso?

CARLOS: É o que din os vellos.

CLARA: Pero non tes proba ningunha de que iso sexa certo.

CARLOS: Científica, queres dicir? Non. Pero non se necesitan probas para crer en certas cousas. Deus e todo iso. Ou o destino. Pregúntalle á túa nai. (*A Ana.*) Non eras ti a que dicía antes algo así, que a cada un de nós nos espera algo que non eliximos e que non podemos cambiar?

ANA: Si. Iso dixen.

CARLOS: (*A Clara.*) Aí o tes. A túa nai non ten proba ningunha diso, pero creo. (*A Ana de novo.*) Ou tes algunha proba?

ANA: Non, non teño proba ningunha.

CARLOS: (*A Clara.*) Viches? É só unha cuestión de fe.

ANA: E de tempo. Para que ao final acabe pasando o que ten que pasar.

CARLOS: (*A Clara.*) O que che dicía, que non teño probas científicas, pero coñezo un caso que demostra que é certo que os lóstregos elixen a quen lle caen enriba.

CLARA: A ver, que caso?

CARLOS: O de Xosé Bustos. Máis coñecido como Pepe Pararraios.

CLARA: Pararraios? Por que lle chamaban así?

CARLOS: Adiviña.

CLARA: Caeulle un lóstrego enriba?

CARLOS: Caéronlle tres.

CLARA: Tres?

CARLOS: Tres. Logo quedoulle o alcume á familia. Os Pararraios, chámanlles. E todo empezou con Pepe. O conto é que Pepe era tatexo. Todos os cativos se rían del e por iso Pepe acabou virándose un rapaz triste e solitario. O primeiro raio caeulle enriba aos once anos, volvendo do monte coas vacas. O gando chegou á casa sen o cativo e os pais saíron decontado na busca do fillo, pensando, acertadamente, que algo lle pasara. Atoparon a Pepe inconsciente no camiño do monte e, para a súa sorpresa, ao volver nel e poñerse a falar, viron que non tatexaba. E Pepe cambiou, volveuse máis aberto e sociable. Estaba feliz. Sen saber que un segundo raio esperaba por el. O segundo raio do conto caeulle enriba a Pepe moitos anos despois, durante un permiso do servizo militar. Non é que lle caese enriba exactamente. Esta vez Pepe estaba na casa, tan pancho, mentres fóra o ceo se viña abaixo na treboada máis forte que lembran os vellos do lugar. Chovía, a terra tremía, caían raios e chispas. Pepe foi prender a luz do seu cuarto para irse deitar e nese momento xusto estoupou un lóstrego na casa. O lóstrego entrou nos cables da vivenda e foi directo pola súa vítima. Pepe quedou alí tirado no chan, botando fume polas orellas e cos pelos da cabeza tesos coma aguilladas. E cando recuperou o sentido...

Carlos fai unha pausa. Bebe.

CLARA: *(Intrigada.)* Cando recuperou o sentido, que?

CARLOS: Pois que Pepe volvía tatear. E o seu carácter transformouse de novo, volvendo ser aquel tipo tímido e solitario de antes de que lle caera enriba aquel primeiro lóstrego que o fixera tan feliz. O seu alcume empezaba xa a estenderse pola comarca e nos bailes das festas as mozas mirábano só para comentar o seu caso e rirse del polo baixo. E o conto é que había unha moza entre todas que a Pepe lle gustaba especialmente, pero cada vez que lle botaba coraxe e se atrevía a ir e falarlle, aquilo era un inferno. Pepe soubo entón que se non facía algo axiña, aquela moza que tanto lle gustaba ía acabar casando con outro, só porque el era un ridículo tateo. E pensou que se cadra había algo que podía facer...

CLARA: *(Adiviñando por onde vai a historia.)* Que dis? En serio?

CARLOS: Pepe Pararraios esperou pacientemente a que chegase a primeira treboada da tempada e en canto se presentou, botouse ao monte sen dubidalo, coa esperanza bastante fundada de que lle caese enriba un lóstrego, o terceiro da súa vida. E así foi. O lóstrego localizou a Pepe e deulle de cheo.

CLARA:- E volveu falar ben?

CARLOS: Vai ti saber. Ese terceiro lóstrego matouno.

CLARA: Matouno?

CARLOS: Como cho conto.

ANA: Nas aldeas, en canto un par de veciños se xuntan e empezan a beber, inventan toda clase de historias.

CARLOS: Insinúas que estou mentindo?

CLARA: Ou que te estás pasando co *drinkin*.

CARLOS: E que? Non teño que conducir. *(A Ana.)* Ou agora queres irte outra vez?

ANA: Por min podes beber até que vomites o fígado.

CARLOS: Prohibemo, quítame a botella, anda. É o que se che dá ben. Clara ten toda a razón, es unha tirana das boas. Ou poida que só queiras protexernos e manternos a salvo. Pero ninguén se pode librar do seu destino, non é verdade?

CLARA: Xa vale, Carlos.

CARLOS: *(A Clara, por Ana.)* Aínda non sei como me deixou que fose pescar, podíame pasar calquera cousa.

CLARA: De feito case non a contas.

CARLOS: Por ben pouco. Pero apareceu ese tipo raro. O meu anxo. *(Bebe.)* Ao final vai ser iso, que non estaba para min.

Ana pecha a fiestra.

ANA: *(Aparentemente intrascendente.)* Raro por que?

CARLOS: O que?

ANA: O tipo que te salvou. Que tiña de raro?

CARLOS: Nada.

ANA: Por algo o dirías. Como era?

CARLOS: Normal. Pero non sei. Tanto ten. Agora é o tipo que me salvou a vida. *(Bebe. Logo colle a baralla.)* Sabes a que xogaba eu cos meus colegas ás cartas?

ANA: *(Sentando no sofá.)* Foise polo monte arriba?

CARLOS: Eu que sei, non lle preguntei. Supoño, levaba unha mochila.

CLARA: *(A Ana.)* Que che importa como era ese tipo ou o que fixo despois de axudarlle a Carlos? A que vén tanto interese?

CARLOS: Iso digo eu. A que vén tanto interese de repente por ese tipo?

ANA: Curiosidade, máis nada.

CARLOS: *(Despois dunha pausa, a Clara, polo xogo de cartas do que lle ía falar.)* Ese xogo. Primeiro botabamos un tute e despois o que perdía tiña que poñer a man. Así, coa palma cara a abaixo. *(Pon a man dereita sobre a mesa.)* E despois iamos descubrindo as cartas do mazo, unha por unha. Colle a baralla. *(Achégalle a baralla a Clara, deixando a man dereita na mesa, coa palma cara a abaixo.)* Xogamos un tute e perdín, vale? Agora empeza a descubrir cartas. *(Pausa.)* Veña.

CLARA: *(Descubriendo a primeira carta do mazo.)* Rei de copas.

CARLOS: Copas. Iso é un belisco. Veña, na man. Cólleme un belisco. *(Pausa.)* Sen medo, muller.

CLARA: *(Belíscalle a Carlos no dorso da man.)* Así?

CARLOS: Forte ten máis graza.

CLARA: *(Belisca máis forte, cun chisco de sadismo infantil.)* Mellor así?

CARLOS: *(Cun aceno de dor.)* Ai! Moito mellor! Veña, outra carta.

CLARA: Bastos.

CARLOS: Golpe. Co puño pechado. Xa sabes, dálle...

Antes de que Carlos acabe a frase, Clara dálle un golpe co puño pechado no dorso da man.

ANA: Que clase de xogo é ese?

CLARA: *(Botando outra carta.)* Copas.

Clara belisca e bota outra carta.

CARLOS: Bastos. *(Clara golpea no dorso da man de Carlos con forza e rabia.)* Outra máis, veña.

Outra carta. Bastos. Clara golpea de novo. Ana levántase e vai cara á mesa. Clara acaba de descubrir outra carta.

CLARA: Espadas. Iso que...?

ANA: *(Quitándolle a baralla das mans a Clara.)* Xa abonda! Estás tola?

CARLOS: Ei, que fas?

ANA: Acabouse.

CARLOS: Só estaba...

ANA: Sei o que estabas facendo.

Un relampo. Despois dunha breve pausa, escóitase o trono, débil e ó lonxe.

CARLOS: *(A Clara, despois de baleirar a súa copa dun grollo.)* Acababamos coas mans moradas. Eu sobre todo. A min tíñanme amargado. Pero sempre volvía por máis. Era así de parvo. *(Sorri, con amargura, mentres enche de novo a copa.)* Mellor contar historias, verdade? *(Bebe.)* Agora podía contar algunha a túa nai.

ANA: Eu non sei ningunha historia.

CARLOS: Iso é imposible. Todos sabemos algunha historia. Algo que pasou cando eras pequena, non sei, nesta vila ten que haber ducias de historias. Pode ser algo que che pasase a ti, unha historia da familia. Iso tamén vale.

ANA: Non se me dá ben contar historias.

CARLOS: Iso sábeo facer calquera. Mellor ou peor. Veña, conta algo.

CLARA: *(Saíndo na defensa da súa nai.)* É igual, Carlos.

CARLOS: Seguro que sabe historias a moreas.

CLARA: Pero non quere contalas.

CARLOS: Á túa nai encántalle facerse a interesante.

CLARA: Pois alá ela.

CARLOS: Pódesnos falar dos avós de Clara. Case non sei nada de...

CLARA: Queres parar?

CARLOS: Está ben. *(Bebe. Despois dunha pausa, con intención.)* Que tal a historia do poni?

Breve pausa.

CLARA: Unha historia dun poni?

CARLOS: Si.

CLARA: Que poni?

CARLOS: Un de xoguete.

CLARA: Un boneco?

ANA: *(A Carlos.)* Xa che contei esa historia.

CARLOS: Pero non entraches en moito detalle. O mellor das historias son os detalles. *(A Clara.)* Ti sábelas?

CLARA: Non. Non a sei.

CARLOS: Clara non a sabe. Cóntaa.

Pausa.

CLARA: *(Cun fondo de ameaza.)* Gustaríame oíla, mamá.

CARLOS: A Clara gustaríalle escoitar a historia do poni, xa oíches.

Pausa.

ANA: Era un poni de xoguete, un deses ponis de cores...

CARLOS: Era violeta.

ANA: Púxolle Violeta...

CLARA: Quen? De quen era ese poni?

ANA: Dunha amiga que tiña. Regaláranllo por Reis.

CLARA: E que máis?

ANA: É unha historia estúpida.

CARLOS: *(A Clara.)* A túa nai quitoullo e agochouno na vía do tren.

CLARA: Aquí?

CARLOS: Si.

CLARA: Na vila?

CARLOS: Queríallo devolver. Por iso viñemos aquí esta fin de semana. Pero foino buscar á vía do tren e non estaba.

CLARA: Non estaba? Como que non...?

De súpeto, cae un lóstrego mesmo enriba da casa. A luz vaise e o salón queda ás escuras.

CARLOS: Carallo! Quietas onde estades... *(Na escuridade móvese a sombra apenas adiviñada de Carlos. Até que prende a lanterna.)* Estades ben? Vou polas candeas.

Sae Carlos pola porta da cociña.

CLARA: *(Baixando a voz.)* Mamá, que é todo isto?

ANA: Cala.

CLARA: Ese poni do que falaba Carlos... Non é o que tiñas ti antes?

ANA: Carlos pode oírte. Cala.

CLARA: Antes tiñas...

Volve Carlos da cociña.

CARLOS: Ídeas prendendo. *(Pousa as candeas e un acendedor na mesa.)* Vou mirar onde está o cadro da luz, a ver se é só que saltou o limitador.

Carlos sae de novo pola porta da cociña, coa lanterna. Ana empeza a prender candeas.

CLARA: Era o boneco que tiñas antes?

ANA: Non o sei.

CLARA: Como que non o sabes?

ANA: Non o sei.

CLARA: Dixeches que o atoparas tirado, a Carlos dixécheslle que o foras buscar e que non estaba onde o agacharas.

ANA: Agora non, Clara.

CLARA: Quero saber de que vai todo isto.

ANA: Agora non.

CLARA: De onde sacaches o poni que tiñas se non estaba na vía?

ANA: Atopeino tirado.

CLARA: Mentos.

ANA: Déixao estar, queres?

CLARA: Carlos non sabe que o tes?

ANA: Non, non o sabe. E non quero que o saiba.

Carlos regresa da cociña.

CARLOS: (*Apagando a lanterna e pousándoa na mesa.*) Aquí parece que está todo ben. Debe de ser unha avaría xeral.

ANA: (*Mentres prende unha candeas máis.*) Estaba pechada a porta de atrás?

CARLOS: Si. (*Mira pola cristaleira.*) Fóra non se ve ningunha luz.

ANA: Fóra non hai nada.

CARLOS: Xa. En fin. Só podemos esperar. (*Senta.*) Ou ocórreseche a ti algo mellor?

ANA: Non. Esperar.

CARLOS: (*Servíndose unha copa.*) Agora si que temos o ambiente perfecto para contar historias. Só faltaban as candeas.

Carlos bebe. Clara observa a Ana, que se dirixe cara á fiestra do fondo.

CARLOS: (*Despois dunha pausa.*) Antes, na tenda onde fixen a compra, había unhas mulleres falando de algo que pasou aquí, na vila, hai unha pila de anos. (*Pausa.*) Oíches, Ana?

ANA: Oín.

CARLOS: Sabes a que me refiro?

ANA: Non.

CARLOS: Se cadra xa non vivías aquí cando sucedeu. Pero é igual. Polo pouco que puiden escoitar, era unha historia algo truculenta de máis.

Pausa. Fóra intensifícase o treboada.

CLARA: As miñas amigas e máis eu inventamos un xogo coas cartas.

CARLOS: Si? Que xogo?

CLARA: É botar toda a baralla, carta por carta. Cando che toca, descubres unha carta do mazo...

CARLOS: Vale.

CLARA: Bastos é algo que odias; copas, algo que amas. Se saen ouros, dis un segredo, e se saen espadas contestas unha pregunta.

CARLOS: *(Animado.)* Vamos xogar.

CLARA: *(Con falsa inocencia.)* A mamá non vai querer.

CARLOS: *(A Ana.)* Ti xogas?

ANA: *(A Clara.)* Acábalo de inventar?

CLARA: Non.

CARLOS: E qué se o acaba de inventar? *(A Clara.)* Veña, xogamos ti e mais eu se a túa nai non quere. Que mire para nós. Empezo eu, aí vou.

Carlos descobre unha carta.

CLARA: Ouros.

CARLOS: Iso era...?

CLARA: Un segredo.

CARLOS: *(Sen botar moito tempo pensando que dicir.)* Poida que a túa nai e eu non case-mos.

CLARA: *(Abraiada.)* Que?

CARLOS: Témolos que falar.

CLARA: É certo iso, mamá?

CARLOS: A túa nai non está xogando.

CLARA: Por que? Que...?

CARLOS: ¡Che, che, che! As preguntas se saen espadas, non era? Tócache.

CLARA: *(Bota unha carta na mesa.)* Copas.

CARLOS: Algo que amas?

CLARA: Si. *(Pensa un momento.)* Aquel conto que a mamá e máis eu inventamos cando eu era nena.

ANA: Inventáchelo ti.

CLARA: Lébralo?

CARLOS: Que conto é ese?

CLARA: Era sobre unha princesa e unha raíña.

CARLOS: E de que vai?

CLARA: As preguntas se saen espadas.

CARLOS: Este xogo estase empezando a poñer interesante.

CLARA: *(Pola carta que vén de descubrir Carlos.)* Copas outra vez.

CARLOS: Á túa nai. Iso é o que máis amo. *(Bebe.)* Xogas ti. *(Clara bota carta.)* Bastos.

CLARA: Odio que me mintan.

CARLOS: Tampouco vaias pensar que iso de contar sempre a verdade é o mellor do

mundo. Ás veces hai que mentir. Pódeslle facer moito dano á xente se es completamente sincero. Ás veces mentimos só para protexer as persoas que amamos...

CLARA: Ódoo.

CARLOS: De acordo, non se fale máis. *(Descubriendo unha carta.)* Espadas.

CLARA: Pregunta.

CARLOS: Adiante.

CLARA: Cres que a mamá te quere?

ANA: Por que non deixades de meterme no voso estúpido xogo?

CARLOS: Vou contestar. É o xogo. Teño que contestar. *(Pausa.)* Non. Creo que non me quere. Máis aínda, creo que nunca me quixo. E xa que sae o tema, mesmo empezo a pensar que quere a outro.

Carlos bebe. Clara mira para Ana, que permanece ao pé da fiestra do fondo, impasible. Clara bota unha carta na mesa.

CARLOS: Un segredo.

CLARA: A mamá ten o poni de xoguete que lle quitou a aquela amiga súa.

Ana vólvese cara á súa filla.

CARLOS: *(Con sorpresa.)* Que o ten? *(A Ana.)* Dixéchesme que non o atoparas.

CLARA: Atopouno.

CARLOS: É certo iso?

Carlos e Clara miran para Ana, esperando unha resposta. Entón, o destello dun potente relampo proxecta nas cortinas da cristaleira a sombra dun home que se move no exterior. Ana viu a sombra, só Ana. Séntese o trono.

CLARA: *(Que percibiu un leve xesto de sobresalto na súa nai.)* Que pasa?

Clara mira para a cristaleira, non ve nada estraño. Mira de novo para Ana.

CARLOS: *(A Ana.)* Por que me mentiches niso?

ANA: Vai para o teu cuarto, Clara.

CLARA: Quero seguir xogando.

CARLOS: Por que me dixeches que non atoparas o poni?

ANA: *(A Clara.)* Bota unha carta.

CLARA: Xogas?

ANA: Bota unha carta.

Clara descobre unha carta sobre a mesa.

CLARA: Bastos.

ANA: Odio a luz do amencer entrando no meu cuarto, os primeiros ruídos do día. Odio espertar polas mañás.

CARLOS: Tócame.

CLARA: *(Botando outra carta na mesa, antes de que o poida facer Carlos.)* Algo que amas.

ANA: *(Anticipándose a Carlos.)* Que o sono me venza...

CARLOS: Tocábame a min.

ANA: Deitarme e sentir que o sono chega e me vence. Aínda que saiba que despois han vir os pesadelos. Ese momento, cando noto que o sono por fin se apodera de min. Iso é algo que amo de verdade.

Clara bota unha carta máis.

CLARA: Un segredo.

CARLOS: Pero que carallo vos pasa? É a miña...

ANA: Cando naciches abandoneite nun contedor do lixo.

Pausa.

CARLOS: *(Abraiado.)* Que estás dicindo?

ANA: Nada máis saír do hospital despois de parir abandonei o meu bebé nun contedor do lixo. Logo arrepentinme e volví por el. *(Pausa.)* Debino deixar alí.

CARLOS: Estás tola, non digas...

ANA: *(Desafiante.)* Algunha pregunta?

CARLOS: Xa chega. Acabouse o xogo.

ANA: Clara tiña moitas preguntas.

CLARA: Por que me estás facendo isto, eh? Por que?

Pausa. Clara diríxese cara ás escaleiras.

CARLOS: Non é certo, verdade? *(Ana cala.)* Dille que non é certo.

Ana cala. Clara marcha polas escaleiras arriba.

CARLOS: *(Poñéndose de pé.)* Non, ti non puideches facer algo así. Era a túa filla.

ANA: Non a quería.

CARLOS: Volviches por ela.

ANA: Tiven medo. Pensei que a policía podía chegar a min e determe.

CARLOS: Non, ti queríaala. Quérela. Por iso volviches por ela.

ANA: Íaa deixar alí tirada, debino facer.

CARLOS: Estabas confundida. Eras moi nova, pensabas que non a poderías sacar adiante...

ANA: Pensaba que non merecía vivir.

CARLOS: Clara?

ANA: Nin eu tampouco.

CARLOS: Por que pensabas iso?

ANA: Non creo que necesites sabelo.

CARLOS: E cres que Clara necesitaba saber que a botaches no lixo acabada de nacer?

ANA: Chegou o momento de que saiba certas cousas sobre a súa nai.

CARLOS: Que cousas?

ANA: Que podo chegar a ser moi cruel se quero.

CARLOS: Está ben. Mira, sei o arrepentida que estás do que fixeches...

ANA: *(Con desprezo.)* Ti non sabes nada.

CARLOS: Si, sei que...

ANA: Non sabes nada de nada.

CARLOS: Non te entendo, xúroche que non...

ANA: Acabouse, Carlos.

CARLOS: Que dis?

ANA: Que se acabou.

CARLOS: Non, aténdeme... *(Colle a Ana polos ombreiros.)* Xa sei que esta noite non estou sendo moi agradable contigo. Pero é que só de pensar en perderte... *(Ana libérase de Carlos.)* Eu quérote, Ana. Nunca... Nunca unha muller coma ti reparara en min antes. Nunca... Xa sei que non son un home moi atractivo, nin un grande amante, pero quérote, quero a Clara. Sabes que por vós as dúas eu... *(Interrómpese. De súpeto, dáse conta de que nada do que lle poida dicir a Ana vai cambiar os seus sentimentos cara a el.)* Pensei que aínda había unha posibilidade.

ANA: Non creo que debamos casar se non te quero de verdade.

CARLOS: Nunca me quixeches, verdade?

ANA: Nunca. Non como debía quererte.

CARLOS: Non me importa. Eu...

ANA: A min si que me importa.

Pausa. Carlos senta nunha cadeira, abatido, e colle a súa copa nas mans.

CARLOS: *(Despois dunha pausa, con rabia contida.)* Debiches dicirmo. Debíchesmo dicir hai moito tempo.

De súpeto, séntense uns golpes de chamada na porta da casa.

ANA: Petaron na porta.

CARLOS: Pensei que algún día deixarías de pensar nel...

ANA: Intenteino, pero non podo.

CARLOS: *(Con resentimento.)* Tiñas razón. Non merecías que te quixese. Non mereces que aínda te queira.

Volven petar na porta. Carlos ergue a copa, pero en vez de beber, baleira o whisky no chan con brusquidade. Logo deixa o vaso na mesa e colle a lanterna. A continuación, diríxese á porta da casa. Ana colle a copa que lle servira Carlos e bébea dun golo. Carlos abre a porta da casa: fóra hai un home enchoupado, cun chufasqueiro posto. Carlos alúmao coa lanterna.

CARLOS: *(Brusco.)* Que quere?

MARIO: Perdoen. Vin luz e...

CARLOS: *(Fixándose mellor no rostro do home.)* Oe, ti non es...?

MARIO: Perdinme. Ía camiño da vila.

CARLOS: Mario?

MARIO: Si. *(Parece que neste momento tamén el reconece a Carlos.)* Vaia, non sabía que...

Un lóstrego. O trono.

CARLOS: Entra. Veña, entra.

Mario quita o chufasqueiro.

CARLOS: *(A Ana.)* É Mario. O que me sacou do río.

MARIO: *(Entra, despois de deixar o chufasqueiro no soportal da casa.)* Ola.

CARLOS: *(Pechando a porta.)* Ela é Ana. Espera, vou...

MARIO: Non quero molestar, unicamente...

CARLOS: Non é molestia ningunha. Vouche por unha toalla.

Carlos sae pola porta do baño. Mario e Ana míranse.

ANA: Mario?

MARIO: Mario.

ANA: Cando cambiaches de nome?

MARIO: E ti?

ANA: Despois dunha inoportuna chamada de teléfono que recibín hai anos.

MARIO: Ana. Intentarei non esquecelo.

Regresa Carlos cunha toalla.

CARLOS: *(Dándolle a toalla a Mario.)* Aquí tes.

MARIO: Grazas.

CARLOS: Que fas por aí fóra con esta noite do demo?

MARIO: Estaba acampado no monte. Pero a cousa púxose demasiado fea...

CARLOS: Si, elixiches o día para xogar aos exploradores. *(Aluma o rostro de Mario coa lanterna.)* Tes un golpe na fronte. E sangue. Na boca. Tes un corte no beizo.

MARIO: *(Leva a man aos beizos para limpar o sangue.)* Non é nada.

CARLOS: *(Fixándose na man de Mario.)* E aí, nos cotenos. Rifaches con alguén?

MARIO: Baixando esvarei e caín por un terraplén...

CARLOS: E as túas cousas? Levabas unha mochila.

MARIO: Deixeinas arriba, agochadas no medio dunhas penas. Mañá subo por todo.

CARLOS: Pódoche deixar roupa seca. Queres?

MARIO: Estou ben. Grazas.

CARLOS: Apetéceche un grollo? *(A Ana.)* Vas por un vaso? Con xeo.

Sae Ana pola porta da cociña.

MARIO: Ía camiño da vila. Pensaba alugar un cuarto nalgún sitio. Unicamente pretendía refuxiarme no soportal até que escampase.

CARLOS: Así que escampe, achégote eu no coche. Senta.

MARIO: Grazas.

CARLOS: Whisky. É o que temos.

MARIO: *(Senta nunha cadeira.)* Vale.

CARLOS: Mercamos algo para facer grella, un par de botellas... Alugamos a casa para a fin de semana. Xa cho dixen, non? No río díxenche onde estabamos.

MARIO: Pode ser.

Regresa Ana da cociña cun vaso con xeo.

CARLOS: Pero aí fóra, con esta noite, calquera sabe onde está un en realidade...

MARIO: *(A Ana, polo vaso.)* Grazas.

CARLOS: *(Servíndolle unha copa a Mario.)* Mesmo se coñeces ben a comarca. Pérdeste igual coma nada. Seino, eu tamén son de aldea. *(Despois de encher tamén a súa copa.)* Saúde! *(Mario e Carlos beben.)* Dixeches que eras da comarca, non?

MARIO: De Castro.

CARLOS: *(Sentando.)* E non tes casa en Castro?

MARIO: Non.

CARLOS: *(A Ana.)* Coñeces Castro?

ANA: Coñezo.

CARLOS: Está preto?

ANA: Si.

CARLOS: Ana naceu aquí. Na vila. Se cadra...

ANA: Marchei moi nova.

CARLOS: Poida que forades á mesma escola. Había escola en Castro?

MARIO: Non. A escola estaba aquí.

CARLOS: Ti debías de ser dos últimos cursos. *(A Ana, por Mario, interrogante.)* Debía de ser dos maiores.

ANA: Non o sei.

Carlos mira en fite a Mario.

CARLOS: Terías que limpar esas feridas.

MARIO: Sobrevivirei.

ANA: *(A Carlos.)* Non tes unha caixa de primeiros auxilios no coche?

CARLOS: Teño. Vou por ela.

Carlos colle a lanterna e dispónse a saír. Detense un intre na porta, mira para Ana e para Mario, pero inmediatamente abre e sae. Breve pausa.

MARIO: Onde está Clara?

ANA: Como sabes que se segue chamando Clara?

MARIO: Está arriba?

ANA: Buscáchesnos durante todos estes anos?

MARIO: Sen descanso.

ANA: E non pensaches que se cadra nunca nos ías encontrar de novo?

MARIO: A diario.

ANA: Pero non perdiches a esperanza.

MARIO: Supuxen que algún día podías cometer un erro.

ANA: Que fixen mal?

MARIO: Ti? Nada. Aínda que non foi moi prudente pola túa parte que volveses á vila con Clara e o teu mozo se querías protexelos. A xente de por aquí non é mellor ca a de calquera outro recanto do mundo.

ANA: Como nos atopaches? Como soubeches que iamos estar hoxe aquí?

MARIO: En serio vas casar con ese Carlos?

ANA: Como sabes que imos casar?

MARIO: Non vai saír ben.

ANA: Heite chamar para contarche como me foi.

MARIO: Sabías que te atopara, advertincho.

ANA: Si, anunciácheste moi sutilmente.

MARIO: Quería darche tempo para que o asimilases e tomases unha decisión. Puideches fuxir, pero elixiches quedar.

ANA: Non me podes obrigar a fuxir sempre.

MARIO: Por que volviches?

ANA: Sentía nostalxia.

MARIO: Volviches por ese poni, non? Para devolverllo a aquela nena.

ANA: E ti? Que fas ti aquí?

MARIO: Non vos quero facer dano, quero facer ben as cousas. Non me obrigues a facer algo que non desexo.

ANA: Levar a Clara do meu lado?

MARIO: Quero coñecela. É o único que quero.

ANA: Se cadra ela non te quere coñecer a ti. Como pensas que vai reaccionar cando saiba quen es de verdade?

MARIO: Clara non o ten que saber todo.

ANA: *(Desafiante.)* Por que non? Que parte é a que non debería saber?

MARIO: Só ten que saber que o seu pai está aquí, que nunca quixen afastarme dela. Nin de ti.

ANA: Perfecto, e para min todas as culpas da nosa separación. Non. A verdade ou nada. Por qué non podemos estar xuntos, por qué me fun do teu lado. Quen somos en realidade. Se cadra xa é hora de que o saiba.

MARIO: Non vin a iso, xa cho dixen.

ANA: Non fun eu quen provocou esta situación.

MARIO: Ti elixes. Pero non vin estragarlle a vida á nosa filla. Non vin a iso.

ANA: Viñeches por Clara.

MARIO: E por ti. Tamén por ti.

Entra Carlos, coa caixa de primeiros auxilios.

CARLOS: Pois si que foi casualidade, non? Que viñeses dar precisamente aquí, á casa do tipo ao que lle salvaches a vida hai unhas horas... *(Pousa a caixa de primeiros auxilios na mesa de comedor.)* E que pasases pola beira do río xusto cando eu afogaba.

MARIO: Pura sorte.

CARLOS: Para min, desde logo. *(Abre a caixa de primeiros auxilios e remexe no seu interior.)* Auga osixenada, algodón, esparadrapo...

Ana senta a carón de Mario, molla un anaco de algodón en auga osixenada e tómalle a man ferida. Comeza a limparlle o sangue dos cotenos, pero detense axiña. Ana pecha os ollos, sóltalle a man a Mario...

CARLOS: Que tes?

ANA: *(Levantándose.)* É o sangue...

CARLOS: Estás ben?

ANA: Mareeime. Estou ben.

CARLOS: *(A Mario.)* Oe, se cadra debías limpar ben as feridas con auga antes de botarlles nada. *(Indícalle unha das portas da esquerda.)* O baño está aí.

MARIO: Si, será o mellor.

Mario colle a caixa de primeiros auxilios.

CARLOS: Toma. Leva a lanterna.

Carlos dálle a lanterna a Mario, que sae pola porta do baño.

CARLOS: *(A Ana.)* Estás mellor?

ANA: Nunca quixen facerche dano. Quería quererte. Desexábao de verdade.

CARLOS: Ao final a vítima sempre es ti, verdade? Non sei como o fas, pero sempre es ti a que sae perdendo en todo. Pois non. Outros tamén levamos toda a vida perdendo, aínda que ti non o creas.

ANA: Temos que falar.

CARLOS: *(Achégase á porta do baño.)* Por min xa está todo falado.

ANA: Non, temos...

Carlos faille un xesto a Ana para que cale. Escoita, pegado á porta do baño. Séntese dentro a auga da billa.

CARLOS: *(Indo ao oco da escaleira, onde está o cesto de pesca.)* Este tipo non me dá boa espiña, chéirame que agacha algo. A min na miña vila non me colle no medio do monte unha treboada así, por sorpresa. E esas feridas que ten non parecen dunha caída. No beizo e nos cotenos. Iso é dunha pelexa seguro. *(Colle o coitelo do cesto e desenfúndao.)* Xa cando apareceu no río tiven a sensación de que había algo raro nel. Que non andaba por alí de casualidade.

ANA: Non sei que queres dicir.

CARLOS: Que andaba asexando.

ANA: Iso é absurdo.

CARLOS: E agora vai e preséntase aquí, en plena noite.

ANA: Que vas facer con ese coitelo?

CARLOS: *(Agacha o coitelo no sofá, entre o asento e o respaldo.)* Nada. Quero telo á man, iso é todo.

ANA: Por que o deixaches entrar na casa se cres que non é de fiar? Por que estás sendo tan amable con el?

CARLOS: Porque me salvou a vida. Non sei, quizais non sexan máis ca imaxinacións miñas. É pola historia que oín cando estaba na tenda, a historia que vos dixen antes.

ANA: Non sei que historia é esa, non acabaches de contala.

CARLOS: Poida que non sexa a persoa da que falaban...

ANA: Quen?

CARLOS: As mulleres que estaban na tenda falaban de alguén que volvera á vila despois de

moitos anos, alguén que fixera algo horrible aquí hai moito tempo. Un veciño viuno e recoñeceuno.

ANA: E pensas que o teu amigo pode ser esa persoa que dicían as mulleres?

CARLOS: Non o sei, non estou seguro.

ANA: Entón esquece. Esquece esa historia.

CARLOS: Non o queres saber?

ANA: O que?

CARLOS: O que pasou. O que contaban as mulleres na tenda.

ANA: Non, non me interesan os contos das aldeas. Sempre acaban converténdose nunha única cousa, nunha forma de crueldade. Así é como as persoas aparentemente inocentes lle dan corda á súa propia maldade.

Pausa.

CARLOS: Matou unha nena. Iso era o que contaban. Que ese home que regresou á vila matara unha nena.

Pausa. Aparece Clara nas escaleiras.

CLARA: Necesito unha candea.

CARLOS: *(A Ana, baixo, collendo unha candea.)* Non vai pasar nada, de acordo? O coite-lo está aí. *(Máis alto, tamén a Ana.)* Tes o teléfono arriba? Vou chamar á miña nai para dicirlle que non imos mañá.

CLARA: *(Baixando.)* Volvemos mañá para a casa?

CARLOS: Si.

Séntese de novo a billa do baño.

CLARA: *(Deténdose ao pé das escaleiras.)* Quen está no baño?

CARLOS: Ninguén. Un excursionista que se perdeu. O tipo que me sacou do río pola tarde.

Carlos dille algo ao oído a Clara. Clara contéstalle, baixo. Ana míraos disimuladamente. Soa un trono ao lonxe. Carlos sobe. Clara fica ao pé das escaleiras.

CLARA: Fíxeno.

ANA: Xa o sei.

CLARA: En internet hai páxinas para buscar persoas...

ANA: Que che acaba de preguntar Carlos?

CLARA: Podes deixar mensaxes para a persoa que buscas, coma no noso conto...

ANA: Entraches nunha desas páxinas e escribícheslle ao teu pai.

CLARA: Empecei hai uns meses. Contáballe cousas sobre nós. Que o abandonaches ao saber que estabas embarazada, que viviramos en mil sitios diferentes, que ías casar...

ANA: Que iamos vir á vila esta fin de semana...

CLARA: Que me gustaría coñecelo. Nunha das mensaxes escribinlle aquel conto. Pensei que podería axudarlle a recoñecerme. Por iso que che chamaba: a miña pequena flor.

ANA: E que se cadra che contestaba.

CLARA: Pero non o fixo. Non o encontrei. Talvez sexa certo que el non pensa en min, que nunca lle importei. Ao principio era só iso, quería que formase parte da nosa vida, máis nada. Agora non. Marcharía con el se me quixese. Pero el non apareceu, así que podes estar tranquila. *(Pausa.)* Vou coller un refresco.

Clara diríxese á cociña.

ANA: Sinto o que che dixen antes.

CLARA: *(Detense. Unha pausa.)* Era verdade?

ANA: Non que me arrepentise de non deixarte naquel contedor. Non me arrepentín. É difícil de explicar, de entender, pero... Non quería facelo en realidade, iso é o que importa.

CLARA: Será o que che importa a ti.

ANA: Buscoute.

CLARA: Que?

ANA: O teu pai. Buscoute. E encontrounos. Eras moi pequena. Pero eu fuxín.

CLARA: Fuxiches? Por que? Quería facernos dano?

ANA: Non, o teu pai nunca nos faría dano.

CLARA: Por que me contas iso agora?

ANA: Quería coñecerte, volver comigo.

CLARA: E por que fuxiches?

ANA: Porque non podía ser, o noso non podía ser.

CLARA: Era por iso polo que sempre andabamos cambiando de casa, porque papá nos buscaba? *(Ana cala.)* Por que querías irte hoxe? Pensabas que papá podía encontrarnos aquí hoxe?

ANA: Había unha posibilidade polo que me acabas de confesar.

CLARA: Ti non sabías que lle escribía mensaxes.

ANA: Intentaba facer o correcto, para min foi moi duro separarme del.

CLARA: Entendo. Pero non, mamá, non te perdoo.

Mario sae do baño, pero detense na porta. Ana veo.

ANA: Eu quería. Sempre o quixen.

CLARA: E por que non podíades estar xuntos? Por que foxes del? *(Pausa.)* Vouno saber, un día vouno saber todo, mamá, e nunca vou esquecer que non fuches ti quen mo contou.

Clara dálle as costas á súa nai para dirixirse á cociña e entón descobre a Mario na porta do baño, mirando para ela.

MARIO: Ola.

CLARA: Ola.

MARIO: *(Achegándose á mesa de comedor e pousando nela a lanterna e a caixa de primeiros auxilios.)* Deixo isto aquí.

Clara observa a Mario con curiosidade.

ANA: *(A Clara.)* É Mario, o home que lle axudou a Carlos no río.

MARIO: *(A Clara.)* Ti debes de ser Clara.

CLARA: *(Suspica.)* Como o sabes?

ANA: Eu faleille de ti antes.

MARIO: Tes catorce anos, non? A túa nai díxome que tiñas catorce anos. *(Pausa.)* Vas ao instituto?

CLARA: Que remedio.

MARIO: Sacas boas notas?

CLARA: Supoño que si.

MARIO: A túa nai debe de estar moi orgullosa de ti.

CLARA: Non estudo para darlle o gusto á miña nai.

MARIO: Non, telo que facer por ti. Pero unha cousa non quita a outra. *(Pausa.)* Parecédesvos. Ti e a túa nai. Diracho todo o mundo.

CLARA: Seica me parezo máis ao meu pai. *(A Ana.)* Non si, mamá?

ANA: Si.

CLARA: É o que di a mamá. Pero non sei se é verdade porque non o coñezo. Podería cruzarme con el pola rúa e non saber que é o meu pai.

MARIO: Os fillos fan que pase algo curioso. Non sei se te decataches algunha vez, pero fan que os pais se parezan entre eles, aínda que non se parezan en absoluto. Como sempre teñen algo dos dous, do pai e da nai, entón... Vaia, non sei, poida que non sexa máis ca unha impresión miña. Reparaches niso algunha vez?

CLARA: Non.

MARIO: *(Breve pausa.)* A túa nai deixa que saias de festa por aí? Quero dicir...

CLARA: Isto que é, un interrogatorio?

MARIO: Se cadra mesmo tes mozo xa...

CLARA: A ti que che importa?

MARIO: É certo, perdoa. Iso non é asunto meu. É que eu teño unha filla do teu tempo. De catorce, coma ti. Fíxoos este ano. Tampouco a coñezo moito. Case nada, en realidade. Vive coa nai. É guapa, intelixente e ten moito carácter, polo que sei. Gustaríame coñecela máis, saber como é a súa vida. Supoño que iso é o que lle preguntaría se a vise: como vai nos estudos, se sae de noite coas amigas ou con algún mozo... Esas cousas.

CLARA: Pois faino.

MARIO: O que?

CLARA: Ir onda a túa filla e preguntarlle todas esas cousas a ela.

MARIO: Si, claro.

CLARA: Non che deixa a súa nai? Ela non che deixa que a vexas?

MARIO: A cousa estivo difícil durante un tempo. Pero agora a súa nai xa non pode impedir que vexa a miña filla se quero. O caso é que non sei como reaccionará ela se me presento así, de súpeto, despois de todos estes anos.

CLARA: Proba a ver.

MARIO: Si, teño que probar.

CLARA: Si, e faino canto antes, ou poida que a perdas para sempre.

ANA: *(A Clara.)* Non ías por un refresco?

Pausa. Clara mira para Mario un intre e logo sae para a cociña.

MARIO: Voullo dicir.

ANA: Clara non debe saber o que pasou, quen somos. Vaime odiar cando saiba toda a verdade.

MARIO: Non ten que sabelo todo. O único que lle imos dicir é que son o seu pai. Iso é o único que necesita saber. Que son o seu pai, que vin por ela. E por ti. Tamén por ti. E que ti me estabas esperando. *(Aproxímase a Ana.)* A miña pequena... *(Aloumiña.)* A miña pequena flor...

Mario e Ana bécanse.

ANA: *(Apartándose de Mario bruscamente.)* Non, teste que ir.

MARIO: Non me vou ir, ti non queres que me vaia.

ANA: Carlos cre que agachas algo. Cre que esas feridas non foron accidentalmente, que son dunha pelexa. *(Mario achégase á cristaleira.)* É certo? Pelexaches con alguén?

MARIO: Cuns mozos da vila. *(Mira pola cristaleira e despois diríxese á fiestra do fondo.)* Algún veciño recoñeceume e eses mozos buscáronme.

ANA: Seguíronte até aquí?

MARIO: *(Mirando pola fiestra.)* Non o sei.

ANA: Carlos oíu algo na tenda cando foi á compra. Había unhas mulleres falando daquilo, dicían que alguén te vira. Carlos cre que ti podes ser o home do que falaban as mulleres na tenda. *(Achégase a Mario.)* Sempre quixen que chegase este momento, que me encontrases de novo. Era o que máis desexaba. Nunca quixen afastarme de ti, sábelo. Pero é precipitado facelo así, creme. Agora é mellor que te vaias. Xa falei con Carlos, díxenlle que non ía casar con el, falámolo antes...

MARIO: Estasme enganando. *(Cóllelle a man esquerda e ve que ten posto un anel, o anel de compromiso que lle regalou Carlos. Soltándolle a man.)* Estasme enganando!

ANA: (*Suplicante.*) Tesme que crer. Quero estar contigo. Quérote. Pero agora debes irte. Antes de que baixe Carlos.

MARIO: (*Apártaa.*) Non. Estasme enganando. Outra vez.

ANA: Non.

MARIO: Non vou permitir que fuxas outra vez. Esta vez non.

ANA: (*Con crecente desesperación.*) Se Carlos sabe algo máis, se o descobre todo, se lle dicimos que es o pai de Clara, que vés por ela e por min, quizais queira ferirme contándoo todo diante de Clara...

MARIO: Que sabe Carlos exactamente?

ANA: Non o sei, agora non o sei. Subiu cando ti estabas no baño, poida que...

MARIO: Non sabe nada, aquí non ten forma de saber se son esa persoa que cre ou non.

ANA: Poida que estea falando por teléfono con alguén, ou poida que...

Ana interrómtese: acaba de caer na conta do que foi facer Carlos arriba.

MARIO: Non vou deixar que fuxas esta vez.

ANA: Xa o sei, xa sei que foi facer Carlos arriba...

MARIO: Voulle dicir a Clara quen son e acabar con isto.

Regresa Clara da cociña, cun refresco.

CLARA: Voume deitar.

Clara colle unha candeia e encamiñase cara ás escaleiras.

MARIO: Espera, Clara.

CLARA: (*Virándose cara a Mario, con estrañeza.*) Que espere? Eu? Por que? Quen es ti para dicirme que espere?

MARIO: Hai algo que debo dicirche.

CLARA: Ti? A min? Que é o que me tes que dicir ti a min?

Mario mira para Ana. Tamén Clara mira para a súa nai.

CLARA: Que pasa, mamá? Por que me está falando así, que...?

ANA: Que foi facer Carlos arriba?

CLARA: Como?

ANA: Onde tes o ordenador?

CLARA: Por que me preguntas iso agora?

ANA: Foi mirar no ordenador? Subiu mirar algo no ordenador?

CLARA: Eu que sei.

ANA: Tes internet aquí? Tes aquí conexión a internet?

CLARA: Pero que...?

ANA: Contesta!

CLARA: Eu sempre teño que contestar as túas preguntas, verdade? Pero por que non contestas ti as miñas, eh? Por que ti nunca contestas as miñas preguntas?

ANA: Tes internet aquí, verdade? Tes conexión a internet no ordenador.

CLARA: Si, teño internet no ordenador! Carlos regaloume hoxe un módem para conectarme a Internet, agora xa o sabes. Carlos quería saber onde o tiña para conectarse e mirar algo. Satisfeita? Pois agora pregunto eu: por que te preocupa tanto que Carlos se conecte a internet?

Aparece Carlos no alto das escaleiras.

CARLOS: *(Baixando.)* Xa estou de volta. Tardei un pouco, verdade? Tédesme que desculpar. *(A Clara, por Mario.)* Xa coñeces o noso convidado?

CLARA: Non o sei.

CARLOS: *(Confundido.)* Que non o sabes? Como que non o sabes?

CLARA: Iso, que non o sei. Ou ti coñécelo?

CARLOS: Se o coñezo?

CLARA: Si. Sabes quen é de verdade?

CARLOS: Non, en realidade non o sei. Sei que se perdeu no monte, que é dunha aldea preto de aquí, sei como se chama... E pouco máis. Pero tamén poida que todo sexa mentira. *(A Mario.)* Era Mario, non? O teu nome.

MARIO: Si.

CARLOS: Mario. Xa. *(Con desenfado.)* A saber quen es en realidade, como di Clara. Eh, Mario? *(A Clara, animado.)* Tomas o refresco con nós? Eu voume servir outra copa. Podemos contar máis historias, se cadra Mario sabe algunha interesante. Ou seguir con ese xogo de antes, o das cartas. Segredos, mentiras... Parece que aquí hai moitas cousas por descubrir. *(A Mario.)* Queres ti outra copa?

MARIO: Non, grazas.

Carlos sérvese unha copa de whisky. Ana senta no sofá, no lugar onde está agachado o coitelo. Carlos decátase e sorri; a continuación, bebe. Escóitase un trono ao lonxe. Clara observa Ana.

CLARA: *(A Ana.)* Non me vas rifar?

ANA: Xa falaremos diso.

CARLOS: De que?

ANA: De nada.

CLARA: Nin a Carlos? Tampouco lle vas rifar a Carlos?

CARLOS: Por que me había rifar a min?

ANA: Agora non, Clara.

CLARA: Entendo. Non a queres armar diante dun descoñecido.

CARLOS: Armar o que? De que falades?

CLARA: Un descoñecido que por algunha razón non quería que subise ao meu cuarto.

CARLOS: E logo?

CLARA: Pregúntallo a el.

CARLOS: (*A Mario.*) Por que non querías que Clara subise ao seu cuarto?

CLARA: Quería dicirme algo, seica.

CARLOS: En serio? Querías dicirlle algo a Clara?

CLARA: Dixo que había algo que tiña que saber.

CARLOS: Si? Que curioso, antes tamén Ana me dixo a min algo semellante, que tiña que saber unha cousa. (*A Mario.*) Que é o que Clara debería saber?

MARIO: Non ten importancia.

CLARA: Pois antes parecía que a tiña.

CARLOS: Estou empezando a sentir curiosidade.

CLARA: Poida que me quixese dar algún consello de pai a filla.

CARLOS: Como que de pai a filla?

ANA: Este non é o momento, Clara.

CLARA: Para ti nunca é o momento de nada.

CARLOS: (*A Mario, intrigado.*) Oe, explícame iso de falarlle a Clara de pai a filla. É raro, non?

MARIO: Teño unha filla do tempo de Clara.

CARLOS: Tes unha filla?

MARIO: Si. Teño unha filla.

CARLOS: De catorce, coma Clara?

MARIO: Coma Clara.

CARLOS: Como se chama?

ANA: Talvez Mario non queira falar diso.

CARLOS: Foi el quen sacou o tema, non eu.

MARIO: Clara dixo que ela non coñecía ao seu pai e eu faleille da miña filla.

CLARA: Case non a coñece. Vive coa nai, coma min.

CARLOS: Xa.

CLARA: Se cadra quería axudarme a entender como se puido sentir o meu pai sen min durante todos estes anos. Para ser máis comprensiva con el se algún día o coñezo. Iso se a mamá non o impide antes, claro. De feito, non sería a primeira vez.

CARLOS: E logo? Queres dicir que...?

CLARA: (*A Mario.*) Era iso o que tiña que saber, como se puido sentir o meu pai sen min durante todos estes anos?

MARIO: Algo así.

CLARA: Poida que o caso non sexa o mesmo, así que talvez a túa experiencia non me sirva de nada. (*Senta no repousabrazos do sofá onde está Ana.*) Ti tamén largaches antes de que a túa filla nacesse?

MARIO: Non exactamente.

CLARA: No meu caso foi miña nai a que largou.

CARLOS: *(Con verdadeira sorpresa.)* En serio? Pensei que vos abandonara el.

CLARA: Papá nin sequera chegou a coñecerme. Intentouno, pero a mamá...

ANA: Xa abonda, Clara.

CLARA: A mamá fuxiu. Botou todos estes anos fuxindo del.

CARLOS: Vaia. É a primeira noticia que teño. *(A Mario.)* Aínda que che pareza increíble, Ana nunca me contou nada do que pasou co pai de Clara. E iso que estamos prometidos. En realidade, a miña futura esposa nunca me contou gran cousa sobre ela. Ana é unha muller moi celosa do seu pasado. *(Sitúase detrás do sofá, á altura de Ana.)* Pero eu queroa de todas as maneiras. *(Aloumiñalle o cabelo a Ana con tenrura. A Mario.)* A ti non che parece que podemos formar unha familia estupenda?

Unha breve pausa, durante a que Mario observa a estampa familiar suxerida por Carlos: Ana, en tensión, con Clara ao seu carón, sentada no repousabrazos do sofá, e Carlos ás súas costas, cunha man sobre o seu ombro.

ANA: *(Incómoda.)* Parece que xa parou de chover...

CARLOS: Veña, muller, calquera diría que deveses por desfacerse do noso invitado. Ou é só que non che apetece que sigamos co tema do pai de Clara? Normal. Son cousas moi persoais para falalas diante dun descoñecido. *(A Ana.)* Acabo esta copa e marchamos, de acordo? *(A Mario.)* A ti non che importa?

ANA: Mario non necesita que o achegues á vila.

CARLOS: Xa, pero vouno facer. Débollo. Non é que morra por saír da casa agora mesmo, pero cando alguén fai algo por ti, tes que corresponderlle a esa persoa aínda que sexa o que menos che apetece deste mundo. Chámase gratitude. E Mario salvoume a vida, nada menos. Gustaríame poder facer algo que estivese á altura do seu xesto, pero agora mesmo baixalo á vila é o único que está na miña man. É ben pouco tendo en conta que el arriscou a súa vida por min.

MARIO: *(Servíndose un grolo de whisky.)* Creo que estás esaxerando. Eu non arisquei a miña vida por ti. O río nese treito en realidade non é tan perigoso.

CARLOS: O problema foi unicamente que ao caer se me encheron as botas de auga...

MARIO: *(Senta nunha cadeira.)* Ese foi o problema.

CARLOS: E todo por querer contestar unha chamada de teléfono...

MARIO: Quizais non era nin o momento nin o lugar para iso.

CARLOS: Pero eu sonche así de estúpido...

MARIO: Eu non dixen iso.

CARLOS: Estúpido e imprudente.

MARIO: Pódelle pasar a calquera.

CLARA: Si, a calquera que sexa o bastante imprudente e estúpido.

CARLOS: *(Achegándose a Mario.)* Coñécelo ben?

MARIO: O que?

CARLOS: O río. Polo que dis, parece que o coñeces ben.

MARIO: Algo.

CARLOS: E tamén o monte. Desde ben pequeno, supoño.

MARIO: Si, tamén coñezo o monte.

CARLOS: E con todo, fuches e perdícheste. (*Pausa.*) Perdícheste no monte, non?

MARIO: Si.

CARLOS: Até que deches con esta casa por casualidade. O caso é que se coñeces ben e monte e vas e pérdete, tamén podía ser que, aínda que coñeceses ben o río, chegases a afoegar nel.

MARIO: Talvez.

CARLOS: Ti ou calquera. Mesmo nese treito aparentemente seguro.

MARIO: Xa che dixen que lle podería pasar a calquera.

CARLOS: Daquela non tes que quitarte méritos. Arriscaches a túa vida por salvares a miña. Es un heroe.

MARIO: Eu non son un heroe.

CARLOS: Non sabías que o eras. Pero ao facer o que fixeches convertícheste nun deles. Ninguén sabe que é un heroe até que ten que demostralo. Poida que eu sexa un heroe e non o saiba. Eu nunca tiven unha ocasión para comportarme con heroísmo, nin a primeira. Pero non é algo que poidas elixir. É algo que levas dentro. Cando sucede, o heroe simplemente actúa, arrisca a súa vida por salvar un descoñecido da morte. Como fixeches ti, machiño. Así que es un heroe, non vale de nada o que ti digas. Os feitos son os feitos. (*A Ana e a Clara.*) Coñecestes algunha vez un heroe?

CLARA: Eu non.

CARLOS: E ti, Ana?

ANA: Non. Nunca coñecín un heroe.

CARLOS: Nin eu. Eu este é o primeiro que teño diante: Mario. E gustaríame que me aclarases algo no que estiven matinando. É sobre ese impulso que te empurrou a botarte á auga e salvarme.

MARIO: Que lle pasa?

CARLOS: Os heroes actúan máis co corazón que coa cabeza. Niso estamos de acordo, non? Unha vella cruzando a rúa, un camión que vén a toda velocidade... E o heroe actúa. Un estúpido imprudente está afogando no río, o heroe pasa casualmente por alí e sen pensalo bóta-se a salvalo. É un impulso. Lévaos a actuar cando outra persoa non o faría, arriscando a súa propia vida por un descoñecido calquera. Non o pode evitar. É algo irracional e irrefreable. E estábame preguntando se pode aparecer ese impulso tamén noutro tipo de circunstancias, non unicamente cando a situación require que alguén faga unha boa acción, unha acción marabillosa como salvar unha vida. A pregunta é: pode tamén aparecer ese impulso cando se dá a situación contraria? (*Pausa, silencio.*) Non sei se entendedes o que quero dicir, se cadra non me expliquei ben...

ANA: Explicácheste ben.

CARLOS: E ten algún sentido?

ANA: Non.

CLARA: Para min si.

CARLOS: Xa. Non sei. Ti por levarlle a contraria á túa nai...

CLARA: Tamén.

CARLOS: *(Sentando nunha das cadeiras da mesa de comedor, fronte a Mario.)* Nun lado estaría salvar unha vida, está? E no outro, quitala. O que quero dicir é... *(Colle a baralla e comeza a mesturala mecanicamente.)* Ese impulso do heroe é igual ao que senten algúns asasinós? Pode un heroe ser tamén un criminal?

ANA: Iso é unha estupidez.

CARLOS: Por que non deixas que conteste Mario?

ANA: Que intentas demostrar?

CARLOS: Nada. Só estamos tratando de descubrir cal é a verdadeira natureza dun heroe. Espera. Cres que o estou amolando? *(A Mario.)* Agora en serio, vale? Estoute amolando? Porque no caso de que o meu razoamento teña algún sentido entón debería andarme con tento e non buscarche as voltas, xa sabes. Non sei ese impulso até onde te pode levar.

CLARA: Nin sequera o saberá el mesmo.

CARLOS: Entón se cadra cometemos un erro abríndolle a porta da nosa casa. *(Bota unha carta na mesa.)* Bastos.

Carlos dá un forte golpe na mesa co puño pechado. Sorrí.

CLARA: Non che pode contestar a iso.

CARLOS: Se sería capaz de matar?

CLARA: El non pode saber se ese impulso que dis vai aparecer, igual que non sabía que era un heroe até que tivo que demostralo. Non sabe se aparecerá e tampouco sabe até que extremo o pode levar se ese impulso chega a aparecer.

CARLOS: Iso se non matou xa algunha vez.

Pausa.

CARLOS: Fixéchelo? Mataches xa algunha vez?

MARIO: A este paso o que vas conseguir é que me arrepiña de salvarche a vida.

CARLOS: *(Sorrindo.)* Aí estiveches ben, pero iso non é o mesmo que matar.

MARIO: Se segues así se cadra até me metes a gana.

CARLOS: *(Sorrí de novo.)* O caso é que non contestaches a miña pregunta.

MARIO: Non, nunca matei a ninguén. Pero estou de acordo con Clara en que nunca saberei se podo chegar a quitar unha vida até que se dea a circunstancia. Ninguén o sabe. Tampouco ti.

CARLOS: Xa. *(Bebe.)* Oe, tes que desculpar se che estou parecendo algo impertinente. Non quero que quedes coa impresión de que desconfío de ti. Ti salváchesme a vida. Estou en

débeda contigo, xa o sabes. Para sermos sinceros, é que hoxe levo un día especialmente estraño. Cousas persoais. *(Breve pausa.)* E logo está esa historia que oín na tenda...

CLARA: Que historia é esa?

CARLOS: A que vos dixen antes.

CLARA: Antes non chegaches a contar nada.

CARLOS: Se cadra Mario coñécea. Foi algo que sucedeu na vila hai vinte e cinco anos ou así...

CLARA: Querías conectarte a internet para buscar esa historia?

CARLOS: *(Disimula, sen moita convicción.)* Que dis? Internet? Aquí non temos internet, teríamos se eu non afundise o móbil no río.

CLARA: A mamá xa o sabe.

CARLOS: Que é o que sabe?

CLARA: O do módem.

CARLOS: Dixécheslle...?

ANA: Dixo.

CARLOS: Home, agora entendo por que se supón que nos tiñas que rifar antes. A culpa foi miña, está? Eu regaleille a conexión a Clara por aceptar coñecer a miña familia. Non debín facelo. Ela non a quería, quería dicircho. A culpa foi toda miña.

CLARA: Querías mirar se era certa esa historia que escoitaches na tenda?

CARLOS: Fun falar por teléfono, xa volo dixen.

ANA: Mentos.

CARLOS: En serio.

CLARA: Preguntáchesme onde tiña agachado o módem, Carlos.

ANA: *(Por Carlos, con seguridade.)* Foi mirar internet.

CARLOS: Arre carallo! Vale, si, fun mirar internet! Pero tampouco cometín ningún crime, verdade?

ANA: A que xogo estás xogando?

CARLOS: Como dis? Se estou...? *(A Mario, bromista, mentres lle serve outra copa.)* Como son as mulleres, eh? Até que cho sacan todo non paran. E logo traban aí e xa non soltan.

Carlos enche tamén a súa copa.

ANA: Dinos a que xogo estás xogando.

CARLOS: Viches? Traban e non soltan.

ANA: Veña, explica as regras. Porque así todos poderíamos participar.

CARLOS: Non estou xogando a nada, simplemente estou intrigado.

ANA: A ver, cal é o xogo? Voulle estragar a vida á muller coa que ía casar?

CLARA: Entón rompestes de verdade?

CARLOS: A túa nai nunca me quixo, enganoume todo este tempo.

ANA: E agora toca vingarse, non?

CARLOS: Non estás precisamente en posición de xulgar-me.

Ana quita o anel de compromiso do dedo e guíndallo a Carlos. Carlos baleira a copa dun grollo.

CLARA: *(A Ana.)* Por que che preocupaba tanto o que facía Carlos arriba, mamá? Por se descubría algo máis desa historia?

ANA: *(A Carlos.)* Dille o que descubriches.

CARLOS: En realidade non descubrín nada.

ANA: Dillo.

CARLOS: Acabóuselle a batería ao ordenador. E non temos luz. Así que non puideren ver practicamente nada. A batería só me deu para comprobar que a historia que contaban na tenda pasou de verdade, máis nada.

CLARA: De que vai esa historia?

ANA: Dun crime.

CLARA: Que clase de crime?

ANA: O asasinato dunha nena.

CLARA: Coñecíala?

ANA: Chamábase Lidia...

CARLOS: *(A Ana.)* Pensei que non sabías nada de aquilo.

ANA: Lidia tiña nove anos...

CARLOS: E o que a matou, catorce. *(A Mario.)* Eran catorce, non?

CLARA: *(A Carlos, por Mario.)* Por que llo preguntas a el?

ANA: *(A Clara.)* Carlos pensa que Mario foi quen matou a Lidia. Escolto na tenda que aquel rapaz volvera á vila, que o recoñecera un veciño. Carlos cre que Mario é aquel rapaz. E que non está aquí por casualidade.

CLARA: É certo iso, Carlos, cres que...?

CARLOS: Só son sospeitas.

ANA: Estaste botando atrás?

CARLOS: Debería facelo?

ANA: Por min non o fagas.

CARLOS: Non o faría por ti, precisamente.

ANA: Agora xa non hai volta atrás.

CLARA: Que ten que ver ese crime con nós? *(A Mario.)* Es ti aquel rapaz? Mataches ti aquela nena?

MARIO: Non.

CARLOS: Xa o oíches, non foi el. Morra o conto.

CLARA: Que viches ti en internet?

CARLOS: Xa che dixen todo o que puideren ver. O ordenador quedou sen batería, non hai luz.

CLARA: *(Por Mario.)* E se mente? E se é el en realidade?

CARLOS: Oe, Clara, que queres que faga, que lle fenda a crisma e lle saque o carné de identidade, a ver se realmente é quen di ser? Quizais cambiase o nome despois de aquilo.

Supoño que as autoridades lles facilitarán as cousas a esa clase de bestas para que poidan refacer as súas vidas. Non podemos saber se é certo o que di, así que déixao estar.

ANA: *(Por Mario.)* Está dicindo a verdade.

CLARA: Ti que sabes?

ANA: Di a verdade.

CLARA: Botádeo de aquí.

MARIO: E se eu matei aquela nena?

CLARA: Quero que o botedes de aquí. Bótao, mamá.

MARIO: Nese caso xa tería pagado polo que fixen.

CARLOS: Si, cuns poucos anos de merda nun reformatorio.

MARIO: Ninguén tería dereito a xulgarme de novo.

CARLOS: Aquela besta matou unha nena e estragou unha familia!

MARIO: Cres que non o sabe? Cres que puido esquecer o que fixo, que puido borrar da súa mente o recordo daquel crime? Como cres que foron os seus pesadelos desde entón? Sabes o que é vivir coa dúbida e o temor a se serás capaz de volver matar, pensando se será esa a túa verdadeira natureza? Toda a súa vida reduciuse a iso desde aquela, a fuxir daquilo que o deixou marcado para sempre, a agacharse de todos, del mesmo. Pero iso é o único que queda agora da persoa que foi cando matou aquela nena, só iso, e nin ti nin ninguén ten dereito a negarlle a posibilidade de intentar esquecer aquel crime cada mañá, unha e outra vez. Fixese o que fixese, a persoa que foi hai vinte e cinco anos xa non existe e ten todo o dereito do mundo a refacer a súa vida, a intentar que aquilo non o persiga eternamente.

MARIO: E os pais da pequena? A que teñen eles dereito? Voucho dicir eu: a que aquel fillo de puta non se pasee tan tranquilo por diante dos seus fociños!

Clara abre a porta da casa.

CLARA: Fóra de aquí! Fóra!

Pausa.

CARLOS: *(A Mario.)* Vaite. Xa parou de chover. Estamos en paz.

ANA: Non. Clara ten que saber algo máis.

CLARA: Non quero saber nada máis.

ANA: Telo que saber.

CLARA: Botádeo!

ANA: Téñocho que contar, chegou o momento.

CARLOS: Que lle tes que contar?

ANA: A verdade.

MARIO: Non o fagas, Ana.

CARLOS: Quen es ti para dicirlle o que ten que facer?

CLARA: Botádeo fóra! Quero que o botedes!

CARLOS: *(Poñéndose de pé.)* Eu tiña razón, verdade? Ti non es unicamente un excursionista perdido. E tampouco non chamaches á nosa porta por casualidade.

Volve a luz un intre. Pestanexa. Vaise de novo, pero volve axiña, definitivamente. Pausa. De súpeto, Clara bota a correr escaleiras arriba, cara ao seu cuarto.

ANA: Clara!

CARLOS: *(Botándose a Ana.)* Quieta aí!

ANA: Non, Clara!

CARLOS: *(Retena.)* Querías xogar até o final, non?

MARIO: Sóltaa, Carlos.

ANA: Teño que falar con ela, teño que dicirllo eu...

CARLOS: O que? Que lle tes que dicir?

ANA: Carlos, por favor...

CARLOS: Que lle tes que dicir?

MARIO: *(Indo a por Carlos.)* Díxenche que a soltes...

Nun movemento rápido e sen soltar a Ana, Carlos colle o coitelo que agachou no sofá e ponllo a Ana no pescozo.

CARLOS: *(A Mario.)* Non te achegues!

MARIO: *(Deténdose.)* Tranquilo.

CARLOS: Tranquilo, hostia! Como deas un paso máis, xuro que lle corto o pescozo!

MARIO: Está ben.

ANA: Déixame que suba falar con Clara...

CARLOS: Tiveches moitos anos para falar con Clara e contarlle todo o que tiña que saber.

ANA: Non podía, non...

CARLOS: *(Aperta o coitelo contra o pescozo de Ana.)* Por que non podías?

MARIO: Escoita, sóltaa. Isto non ten nada que ver contigo.

CARLOS: E contigo? Que ten que ver todo isto contigo?

ANA: Xa o sabes, xa o sabes todo...

CARLOS: Non, non o sei. Pero ídesmo contar vós agora. Agora!

MARIO: De acordo, pero sóltaa.

CARLOS: Ti senta.

MARIO: Non sabes usar ese coitelo...

CARLOS: Non te achegues...

MARIO: Vas acabar mancando a alguén...

CARLOS: Si, a Ana como non obedezas. Que sentes, hostia!

MARIO: *(Avanzando cara a Carlos devagar.)* Non vou sentar.

CARLOS: *(Recúa.)* Por que están picadas as rodas do meu coche?

MARIO: Que?

CARLOS: As rodas do coche están picadas, fendeunas alguén. Vino cando saín pola caixa de primeiros auxilios.

MARIO: Non fun eu.

CARLOS: Quen foi entón?

MARIO: Non o sei.

CARLOS: Sabes tal. E ti, Ana, sábelo ti?

MARIO: Déixaa.

CARLOS: Sábelo ou non?

ANA: Non.

CARLOS: Voucho dicir eu. Foron os mesmos que lle bateron a Mario. (*A Mario.*) Ou debería empezar xa a chamarche Anxo? Porque ese é o teu nome verdadeiro, non si? Anxo. Non, machiño, non podes borrar o que fixeches só cambiando de nome. Esas feridas son dunha pelexa. Alguén recoñeceute, seguiute até aquí e picou as rodas do coche.

MARIO: Moi ben, si, tes razón, pero solta ese coitelo...

CARLOS: Ti es aquel rapaz, sempre o fuches e sempre o serás. Ti mataches aquela nena. E ti, Ana, sabíalo, soubéchelo desde o principio, desde que el entrou por esa porta. Aquí hai algo máis, entre vós os dous hai algo máis. Non me importa se pagaches ou non polo que fixeches, se a túa vida foi un inferno desde aquela, se os veciños acaban colléndote e linchándote na praza maior da vila... Pero quero saber que hai entre vós os dous. (*Facendo máis presión co gume do coitelo no pescozo de Ana.*) E ídesmo contar ou...!

MARIO: Non!

CARLOS: Fala!

MARIO: Son o seu pai.

CARLOS: Ti? O pai de...?

MARIO: Clara é a miña filla.

Ana aproveita o desconcerto de Carlos, que afrouxa un chisco a presión do coitelo sobre o seu pescozo, para trabarlle na man. Carlos sóltaa e apártaa do seu lado dun empurrón.

CARLOS: Filla de puta!

Mario bótase sobre Carlos. Forcexan. Mario logra que Carlos solte o coitelo, que cae aos pés de Ana. Ana recúa, mirando para a arma no chan. Mario golpea a Carlos no ventre e logo no rostro co antebrazo cando este se contrae, pero Carlos refaise e arremete contra Mario, botándoo contra a mesa de comedor con toda a forza do seu corpo. A súa intención é recuperar o coitelo, pero Ana apoderase del antes de que Carlos poida alcanzalo.

CARLOS: Dámo! Dáme ese coitelo!

Carlos bótase a Ana para arrebatarlle o coitelo...

MARIO: Eva, non!

Pero Ana céiballe unha coitelada feroz a Carlos no brazo. Carlos recúa, ferido, sangrando polo nariz e polo corte do brazo. Pausa.

CARLOS: Eva? Así é como te chamas de verdade? Eva?

MARIO: (*A Ana.*) Solta o coitelo. Eva, escóitame, solta ese coitelo. Faino.

Pausa. Ana deixa caer o coitelo no chan. Clara reapareceu no alto das escaleiras. Pausa.

CLARA: Estás ben, mamá?

ANA: Estou ben.

CLARA: Carlos está sangrando.

CARLOS: Acouga, estou ben...

CLARA: (*Despois dunha breve pausa, falando cun ton sosegado e ausente, coma se estivese máis atenta ao curso do seu pensamento que ao das súas propias palabras.*) En internet hai fotos do rapaz que matou aquela nena...

MARIO: Lidia.

CLARA: Iso, Lidia.

MARIO: Tes que escoitar á túa nai, Clara.

CLARA: Si, a mamá ten que explicarme algunhas cousas. Cousas que non entendo ben.

ANA: Queríacho contar...

CLARA: (*Comprensiva.*) Pero non podías.

ANA: Non podía.

CARLOS: (*A Ana.*) Acaba con isto, dillo todo dunha vez.

CLARA: Xa o sei todo.

ANA: Non, non o sabes todo, Clara.

Clara comeza a baixar as escaleiras.

CLARA: Aquel rapaz e eu... Anxo. Parecémonos moito.

ANA: Tes os seus mesmos ollos.

CLARA: (*Parando ao pé das escaleiras, a Mario.*) Es ti? Ti es aquel rapaz? Es Anxo?

MARIO: Son.

Clara mira para Ana, interrogante.

ANA: É Anxo.

CLARA: E Anxo é o meu pai?

ANA: Si. Anxo é o teu pai.

CLARA: (*A Mario, despois dunha pausa.*) Encontráchesnos.

MARIO: Grazas ás túas mensaxes.

CLARA: Coma naquel conto que inventamos, mamá.

ANA: Igual ca no noso conto.

CLARA: Tiña moita gana de coñecerte.

MARIO: E eu a ti.

CLARA: Pero non imaxinaba...

MARIO: Xa o sei.

CLARA: Hai algo que non entendo moi ben. É por unha foto de Lidia. *(A Carlos.)* Hai algunhas fotos dela nesa páxina que estabas mirando cando se che acabou a batería do ordenador...

CARLOS: Non cheguei a velas.

CLARA: Eu si. E hai unha moi curiosa.

MARIO: Agora non, Clara.

CLARA: E cando? Eh, papá, cando? Ademais, a mamá quere. Queres, mamá?

ANA: Quero.

CLARA: Queres aclaralo todo, a que si?

ANA: Si. Todo.

MARIO: Agora non.

ANA: Agora.

CARLOS: *(Desconcertado.)* Que está pasando? Que máis está pasando aquí?

CLARA: Vós tamén vos pareceades. Ti e a mamá. É certo iso que dixeches antes, que os fillos conseguen que os pais se parezan entre eles. Pero vós os dous parecédesvos moito. A que si, Carlos, a que a mamá e o papá se parecen moito?

CARLOS: *(Confuso.)* Non o sei.

CLARA: Fíxate ben. Non é verdade que se parecen coma dúas pingas de auga?

CARLOS: Que queres dicir con iso?

CLARA: Nesa foto, na foto que vos dicía de Lidia... Sae cun poni de xoguete.

CARLOS: Un poni de xoguete?

CLARA: Un poni violeta. Igual ao que atopou a mamá hoxe.

CARLOS: O poni que lle quitara a aquela amiga súa?

ANA: *(Dando un paso tímido en dirección a Clara.)* Escoita, Clara...

CLARA: *(Fai un xesto para que se deteña.)* Non, mamá. Estou ben.

ANA: Non estás ben.

CLARA: Estou ben, en serio. Só quero...

ANA: De acordo.

CARLOS: *(A Ana, tratando de entender.)* Ti marchaches da vila cando pasou aquilo, Ana. A vosa familia abandonou este lugar despois do asasinato de Lidia...

CLARA: Por iso ti e o papá non podíades estar xuntos, aínda que vos amásedes...

ANA: Enténdelo agora?

CLARA: Porque o papá e ti...

MARIO: *(A Clara.)* Non foi algo que puidésemos elixir, Clara. Non o buscamos. Sucedeu.

Intentamos que non pasase. O de Lidia, todo o demais. Cando volvíñ á casa despois de catro anos no reformatorio pensei que aquilo acabara. A túa nai quería esquecerme, e eu a ela. Sabiamos que aquilo tiña que acabar. Pero non puidemos evitalo, simplemente non puidemos evitalo. E ti non tiñas que saber nada disto.

CLARA: Non, non tiña que sabelo.

CARLOS: *(Por Mario e Ana, comprendendo.)* Entón ti e Ana...?

De súpeto, unha pedra penetra no salón a través da cristaleira. Clara abre a porta da casa e bótase fóra ás carreiras.

ANA: Clara!

CARLOS: *(Retendo a Ana.)* Sodes irmáns? Ti e Anxo sodes irmáns?

Ana sóltase de Carlos. E nese momento, unha potente luz ilumina a porta da casa desde o exterior. Trona unha voz de home fóra.

RAMÓN: *(Off.)* Anxo! Anxo Guntín! Sae para fóra, Anxo!

Escuridade.

TRES

I

Exterior da casa de turismo rural. Un MOZO ten agarrada a CLARA, que se revolve para intentar soltarse del. RAMÓN aluma a porta da casa cunha potente lanterna.

CLARA: Sóltame! Que me soltes, cabrón!

RAMÓN: *(Cara á casa.)* Sae para fóra, Anxo! É o menos que podes facer por min xa que volviches á vila, dar a cara!

MARIO sae da casa e detense baixo o soportal. Outro MOZO aparece entre as sombras do exterior. Tamén saen ao soportal CARLOS e ANA.

RAMÓN: *(Alumando a Mario coa lanterna.)* Así que es ti de verdade...

MARIO: Que queres, Ramón?

CARLOS: *(Aos mozos.)* Fostes vós os que me fendestes as rodas do coche, fillos de puta?

MARIO: Ven aquí, Clara.

CARLOS: Soltádea!

RAMÓN: *(Aos mozos.)* Que sodes? Animais? Soltádea dunha vez!

Os mozos obedecen. Clara aproxímase ao soportal.

CARLOS: *(Collendo a Clara polos ombros.)* Ven aquí.

MARIO: Non necesitas ese foco, Ramón.

Ramón aluma a Ana.

RAMÓN: Ti tamén viñeches.

ANA: Só imos pasar aquí esta noite. Non nos vas volver ver nunca máis.

RAMÓN: Non vos tiña que estar vendo agora.

Ramón dirixe a luz a Clara e Carlos.

CARLOS: Apague iso.

Pausa. Ramón apaga a lanterna. Quedan todos iluminados pola luz do soportal. Pausa.

RAMÓN: *(Aos mozos.)* Marchade xa. E como digades algo disto por aí, Pacucho, xúroche que vos saco os untos.

CARLOS: Fóra!

Saen os mozos, de mala gana. Pausa.

RAMÓN: *(A Mario.)* Merche non sabe que estás na vila. Nunca debe saber que volviches pisar estas terras. Poñeríase enferma outra vez. Está aprendendo a superalo, para unha nai é difícil.

MARIO: Sinto o que pasou. Sabes que o sinto.

RAMÓN: Tiña curiosidade por ver como eras, en que te converteras. Preguntábame... Pregunteime todos estes anos como sería a túa vida, se terías unha vida normal. Se terías un traballo e unha familia. Se te converteras nunha persoa respectable, unha desas persoas que a xente aprecia. E rezaba para que fose así, pedíalle ao mesmo Deus que permitiu que a miña filla morrese que deixase que te converteses nunha persoa desas, que esqueceses, que mesmo chegases a dubidar se aquilo que fixeches pasara en realidade, se non sería un pesadelo. Até que un día, cando máis seguro te encontrases na túa nova vida, cando máis indefenso estiveses, algo te golpease, te golpease tan forte coma para que todo iso que conseguiras con anos de esforzo, o teu traballo, a túa familia, o aprecio da xente, todo quedase esnaquizado de súpeto. Porque só así, pensaba, poderías chegar a comprender o que fixeras en realidade.

MARIO: Deus non escoitou as túas súplicas, non son esa persoa que dis.

RAMÓN: Terei que rezar máis. Terei que rezar mellor.

MARIO: Se é iso o que queres de min, esperanzas, douchas sen problema.

RAMÓN: Non é iso o que quero.

MARIO: Que queres entón?

RAMÓN: Aquel boneco. O poni de Lidia. Nunca apareceu. Ás veces, a Merche méteselle na cabeza que ten que estar por algures e ponse a remexer toda a casa, a ver se o encontra. Ou sae a mirar polos arredores, no río, polo camiño que cruza a vía do tren... Non importa a hora que sexa, ela sae e busca, busca até caer rendida... Lidia debería ter aquel poni con ela, era o seu boneco preferido. Eu creo que vós sabedes algo. Merche di que se soubésedes algo do poni de Lidia que o teriades dito no seu momento, que era imposible que tivésedes tan mal corazón para quitarllo e non dicir nada. Pero eu sempre tiven as miñas dúbidas. *(A Ana.)* Ti sabes que Lidia sempre andaba con aquel boneco, Eva, seguro que o levaba aquela tarde, sempre o levaba con ela.

CLARA: Teno miña nai.

Pausa.

RAMÓN: *(A Ana, por Clara.)* É a túa filla?

ANA: É.

MARIO: Querías ese boneco, non? Pois xa o vas ter.

RAMÓN: *(A Ana.)* Tes ti o poni de Lidia?

ANA: Teño.

RAMÓN: Tivéchelo ti todos estes anos?

ANA: Non. Estivo aquí. Quiteillo e agocheino na vía do tren.

RAMÓN: Por que fixeches iso? Por que llo quitaches? Quitáchesllo cando estaba...?

ANA: Vin para devolverllo.

RAMÓN: Por que agora? (*Pausa.*) Por que agora precisamente?

ANA: Quería esa nova vida.

RAMÓN: Ti?

MARIO: Aquilo foi algo que estragou as vidas de todos. As de todos.

Pausa.

RAMÓN: Non ía pasar nada, non tiña que pasar nada. Ti eras un cativo, Anxo, que fixes cousas con Lidia... Aquilo non era tan grave, eran xogos de nenos. Cristo bendito! Non tiñas que matala cando che dixo que ía contar as cousas que facías con ela.

CLARA: Por iso a mataches?

MARIO: Ameazoume. Dixo que ía contar as cousas que facía con ela.

RAMÓN: (*Por Mario, con crecente rabia.*) Non tiña que acabar así. Aquilo non era tan grave. Eran xogos de nenos. Non tiñas que matala, non tiñas...

ANA: É mentira.

MARIO: (*A Ana.*) Cala.

ANA: Mario non fixo nada con Lidia.

RAMÓN: Confesouno el. (*A Mario.*) Facías cousas con ela...

ANA: Mentiu.

RAMÓN: Lidia ía contar o que lle facía...

ANA: Nunca lle fixo nada.

RAMÓN: E el matouna...

ANA: Mentiu.

RAMÓN: Matou a miña filla!

ANA: Anxo non a matou.

MARIO: Eva, non!

ANA: Non foi el. Non foi Anxo. Mateina eu.

Escuridade.

II

Luz sobre ANA.

ANA: Anxo nunca fixo nada con Lidia. Era comigo. Non lembro cando empezou. Ao prin-

cipio era iso, un xogo. Logo xa non. E seguimos. Lidia viunos un día. Estaba celosa. Ameazounos con contalo todo. Que Anxo e eu faciamos cousas. Foi esa tarde, no río. Anxo intentou convencela de que se trabucaba, pero Lidia non quería escoitar. *(Pausa.)* Tiña esa foto no seu cuarto, a foto na que sae co poni. Non sabía que estaba en internet, eu nunca busquei a nosa historia en Internet. Supuxen que tiña que haber algo. Pero xa ve que todo é mentira. Clara debería sabelo, eu debería contarllo. Porque se un día descobre a verdade, vaime odiar por non confiar nela, vaime odiar como non sabe que se pode odiar. Pero se llo conto todo quizais me odie entón por non ter sido capaz de conservar a súa ignorancia. *(Pausa.)* Ía moita calor aquela tarde. O meu irmán, Anxo, levaba un anaco no río. Estaba só. Bañárase e puxérase a pescar. Collera xa unha troita que boquexaba e se remexía no fondo do cesto. Entón Lidia dixo o que vira, que nos vira facendo cousas. Só quería protexelo, igual que agora quero protexer a Clara. Foi iso o que me posuíu, ese instinto. O certo é que non o sei, porque non me lembro. De súpeto, Lidia estaba no chan, inmóbil, co pelo cuberto de sangue. Tiña os ollos abertos e mirábame con sorpresa. A min, mirábame a min. E eu tiña unha pedra manchada de sangue na man. Eu non entendía que pasara, por que de súpeto Lidia estaba deitada no chan, inmóbil, por que había todo ese sangue. Entón Anxo quitoume a pedra das mans. Vai para á casa, díxome, vai para á casa e dille á mamá que lle acabo de bater a Lidia cunha pedra na cabeza. Eu ao principio crino, convencinme de que non fora eu. Pero logo deime conta de que non, de que fora eu, de que eu matara a Lidia. E Anxo ía cargar coa culpa. Pero calei, calei durante todos estes anos, calei mentres el pagaba por algo que non fixera. Axudoume a lavar ben as mans. Lidia ameazoume con contarlles aos seus pais que facía cousas con ela, díxome, e de súpeto viches como lle batía. Por iso a matei, lémbrao. Agora vai para á casa e nunca lle digas outra cousa distinta a ninguén. E funme. Antes collín o poni. Debino coller nalgún momento, porque o levaba comigo. Polo camiño pensei que tiña que agochalo, que non podía chegar á casa con el. Conteí cincuenta travesas desde onde o camiño cruza a vía do tren e soterrreino na grava. Aí xa sabía que o fixera eu, que eu matara a Lidia, non Anxo. Entende agora por que non pode seguir co seu proxecto? Enténdeo, verdade? Non pode contar a nosa historia, porque non pode contar a verdade. Non debe contala. É que entón o sacrificio do meu irmán non tería servido de nada, tería sido inútil. E non sería xusto. E logo están os pais de Lidia, sería como revivilo todo de novo, coma se mataran a súa filla por segunda vez. Pero estou segura de que vostede vai cumprir a súa palabra e me vai gardar o segredo. Sei que nada do que lle contei vai saír deste despacho. Non por min, nin pola miña filla, nin por ninguén. Por vostede. Porque é vostede un home de palabra. *(Pausa.)* Que puidemos facer? Non había nada que puidésemos facer. Nada. Iso era o que me dicía Anxo. Pero non é certo. Poderíamos ter feito algo, eu podería ter feito calquera outra cousa en vez de coller aquela pedra e... E non obstante, ás veces penso que se todo volvese pasar exactamente como pasou, actuaría da mesma forma. Volvería namorarme do meu irmán, collería aquela pedra e mataría a Lidia. *(Ana acaba a súa copa e pousaa.)* Así é máis doado, sabe?, esa é a única forma de aceptar certas cousas. Pensar así. Que hai cousas que son máis fortes que as persoas, cousas que veñen dun lugar estraño, dun lugar que non

sabías que existise, que estivese en ti; forzas que te collen e te levan sen que poidas facer nada por evitalo, coma se te arrastrase unha corrente salvaxe.

Escuridade.

III

Cemiterio. Luz sobre o poni violeta, ante a lápida da tumba de Lidia.

PANO

| AGRADECEMENTOS |

Quérolle agradecer a Vicente Devesa, fiscal da Audiencia Provincial de Valencia, a súa xenerosa e inestimable colaboración, a dilixencia entusiasta coa que se puxo ao meu servizo e aclarou todas as miñas dúbidas.

A Daniel Domínguez doulle aquí as grazas pola súa amizade e os seus sabios e infalibles consellos.

E teño tamén unha impagable débeda de gratitude con Dolores Sánchez *Lola*, que acode na miña axuda sempre que a necesito e me leva dedicadas xa moitas horas de afecto e de traballo desinteresado.

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

Carles Batlle: *Oasis*. Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº 55)

Anxos Sumai: *Deus está de vacacións* (nº 56)

Cándido Pazó: *Dúas mamás* (nº 57)

Xosé Manuel Pazos Varela: *Ida e volta (Taxi)* (nº 58)

Sonia Torre: *Memoria* (nº 58)

Carles Batlle: *Esquecer Barcelona*. Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº 59)

Santiago Cortegoso: *Hámster* (nº 60)

Suzanne Lebeau: *O ogrocho*. Tradución: Henrique Harguindey (nº 61)

Gustavo Pernas Cora: *Colgados* (nº62)

Josep María Miró: *A muller que perdía todos os avións*.

Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº63)

Luis Araújo: *Por que as acacias non han dar xarope?*

Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº64)

Abel Neves: *Nunca estive en Bagdad* (nº65)

Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo: *Expostas* (nº66)

Lluïsa Cunillé: *O tempo*. Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)

Eduardo Alonso: *Piratas* (nº68)

Jose Maria Vieira Mendes: *Padam Padam* (nº69)

Joan Giralt Bailach: *Fóra feira* (nº70)

Josep Maria Miró: *O principio de Arquímedes*.

Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº71)

María Xosé Queizán: *Ritos de sangue* (nº 72)

María Freitas: *Imundação* (nº 73)

Fernando Epelde: *Caixa negra* (nº74)

Consulta os textos publicados pola RGT na web:

www.revistagalegateatro.com